



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ACTA Nº 14/2023

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA TRINTA DE NOVEMBRO DE DOUS MIL VINTE E TRES.

En Ordes, a trinta de novembro de dous mil vinte e tres.

Na sala de Conferencias, Baixos da Alameda, rúa Xoxardo, Ordes, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. JOSÉ LUIS MARTÍNEZ SANJURJO, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D. JOSÉ LUÍS MARTÍNEZ SANJURJO.
- D^a. ANA MARÍA SONEIRA LIÑARES
- D. JOSE ANTONIO CABEZA FRAGA
- D. ABEL BLANCO VIQUEIRA
- D^a. SUSANA GARCÍA GÓMEZ
- D^a. YESSICA LÓPEZ VARELA
- D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- D. PABLO VÁZQUEZ CANDAL
- D^a. ALBA VILARIÑO NOGAREDA
- D. PABLO VIDAL RÍOS
- D^a. MARIA VIEITES CALVO
- D. AVELINO CANDAL FARIÑA
- D^a. MARIA MARTÍNEZ VIEITES
- D. MANUEL ANTONIO VILLAVERTRE REY
- D^a. MARÍA CONCEPCIÓN BERDOMÁS GARCÍA
- D^a. NOELIA RIVADAS LÓPEZ

Non asiste:

- D. GONZALO VEIRAS CARNEIRO

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás dezanove horas e trinta minutos, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procedéndose a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

1. APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Polo Sr. Alcalde-Presidente procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión extraordinaria de 10 de novembro de 2023, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo isto ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

A acta da sesión extraordinaria, de data 10 de novembro de 2023, resultou aprobada por maioría de dezaseis votos a favor, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación.

2. INFORMES DA ALCALDÍA.

Polo Sr. Alcalde non se informa de ningunha actuación municipal.

3. APROBACIÓN PLAN NORMATIVO ANUAL MUNICIPAL 2024.

Vista a proposta sobre Plan normativo municipal para o ano 2023 (**Expdte 2023/G013/000001**).

Visto o disposto no artigo 132 da Lei 39/2015, de 1 de outubro (LPACAP),

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno, de data 24/11/2023.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes:

Intervén a Sra. Rivadas López, en representación do do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que non podemos acceder aínda ao contido de toda a normativa que se pretende aprobar, modificar ou derrogar. Máis xa se nos adianta que queren vostedes limitar o número de rogos e preguntas que os concelleiros podan presentar neste pleno. Parécelles un tremendo acto de censura que se alonxa das promesas colaborativas que se fixaron ao principio desta lexislatura cando se constituíu esta corporación na que ela se estreou. Pero non é unha censura ao Partido Socialista, nin a estas concelleiras en concreto, unha censura à veciñanza que é a voz de todas e cada unha das iniciativas que traemos a este pleno. Querer ocultar a realidade ao molestar dos veciños deste xeito parécelle un erro inasumible por parte de calquera goberno local. O Partido Socialista non fai un uso abusivo dos plenos nin os seus turnos de intervención. Simplemente o control do goberno municipal é un instrumento ao servizo da veciñanza.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que con respecto ao plano normativo, é un pouco o de todos os anos. É unha previsión, da que logo, pouco ou nada se fai. A diferenza desta vez, como apuntaban tamén desde o Partido Socialista, a diferenza de cos anteriores, é que se recolle a maiores a modificación do regulamento orgánico municipal para, segundo se di, reordenar os procedementos de control do goberno municipal, formulación de rogos e preguntas por parte dos membros da oposición, sen que elo supoña unha grave limitación dos dereitos de representación política. Xa non podemos presentar mocións, porque vostedes evitan o debate co voto en contra por urxencia sistemático, e agora pretenden limitar os rogos e preguntas ao mínimo que lles permita a lexislación, e esa é a democracia que defende o Partido Popular. Lembren que algún día volverán a oposición, señorías do Partido Popular, e aconsellámoslle reflexionar e respectar minimamente o que é a corporación municipal e a pluralidade política deste Concello. Non podemos admitir este tipo de prácticas e polo tanto votaremos en contra deste plan normativo por recoller esta medida que consideramos antidemocrática.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén a Sra. Rivadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que non teñen nada máis que engadir.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que nada, tampouco. Se non se apunta nada, pois non poden facer un debate.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o regulamento está aí, estamos rexéndonos todos polo regulamento, non pode vostede abrigar cando ten que contestar alguén, cando ten que deixar de contestar. E única e exclusivamente, lle quero dicir, que a última modificación do regulamento que precisamente formulou a posibilidade de como alterar as mocións, de como se regulaban, os rogos e as preguntas partiu do Bloque Nacionalista Galego en setembro do ano 2011. Polo tanto, leccións as xustas. Aquí desde logo que todos sabemos cando hai que tomar as decisións e cando non. Se alguén fixo unha modificación do regulamento desde un punto de vista de control para fiscalizar nese momento desde a oposición, con este tipo de cuestións, foi o Bloque Nacionalista Galego. Non foi ningún outro grupo de oposición e nin sequera quen estaba no goberno nese momento. Polo tanto, vostedes non son quen de dar leccións aquí agora de moralidade a ninguén porque non sabe o contido que vai a ver, é lóxicamente no caso de que se adopte este tipo de propostas, como outras que están incluídas no Plan Anual Normativo Municipal, e que para o calo hoxe hai que aprobalo, serán coñecedores e lóxicamente poderán presentar as súas emenda e todo o que teñan en consideración o respecto. Quen sabe, ao mellor incluso é má positivo do que consideran agora mesmo. Polo tanto, non saben nin do que están a falar. Non o coñecemos aínda ninguén de nós, simplemente o que traemos é a posibilidade de que se poida tramitar. Única exclusivamente. Ninguén está dicindo que se vai a tramitar. Ninguén. O ano pasado tamén estaba incluída a modificación dos ordenanzas fiscais e non se fixo ningunha modificación de ordenanzas fiscais ao longo do todo o exercicio. Todas elas se mantiveron conxeladas. Todas. Única exclusivamente se modificou a do contrato que está vinculado a concesión da auga de servizos de abastecemento e de saneamento, e polo tanto, insiste, vostedes xa como fan habitualmente, o único que queren é facer o debate interesado do que lles convén a vostedes e creo que compre recordar que aquí se alguén fixo unha modificación do regulamento que estaba vixente na súa primeira concepción, foi única exclusivamente o Bloque Nacionalista Galego que levou esa proposta que no seu momento sacou adiante. Para que agora veñan vostedes aquí a dar leccións do que corresponde ou non corresponde. Polo tanto vamos como é necesario aprobar este plan normativo anual municipal, o cal, como vendo sendo habitual, vostedes o único que provocarían aquí na súa labor de oposición son impedimentos, e polo tanto, onde os veciños os puxeron sempre, os seguen a poñer, oxalá moitísimos anos máis, pois é o que corresponde. Os votos ao final son os que teñen que ditaminar as decisións para poder seguir avanzando, e poder seguir tramitando e que Ordes poida mellorar, desde logo que cos seus votos negativos, sempre cuestionando todo sen tan sequera coñecer o contido, é totalmente imposible.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de nove votos a favor (grupo político PP), sete votos en contra (5 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

- Aprobar o Plan normativo municipal do Concello de Ordes para o ano 2024.
- Proceder á publicación do Plan Anual Normativo do Concello Ordes no Portal de Transparencia.

4. EXPEDIENTE CONCESIÓN DO TÍTULO DE FILLO ADOPTIVO DE ORDES.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Expediente de concesión a D. Teodosio Martino Martino, o título de fillo adoptivo do Concello de Ordes (**Expdte. 2023/X998/000335**).

Vista a proposta de nomeamento de fillo adoptivo realizada polo Sr. Alcalde-Presidente.

Visto o disposto nos arts. 3, 7 a 11 do Regulamento de Honras e Distincións do concello de Ordes.

Visto o expediente instruído polo Sra. García Gómez no que queda acreditado que a actividade profesional e política desenvolvida polo Sr. Martino Martino, ambas dedicadas a transformar, innovar e desenvolver o noso municipio, así como a súa calidade humana, son feitos que o fan por tanto merecedor desta distinción.

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno, de data 24/11/2023.

Aberto o debate, prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Rivadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que cando unha se plantexa a valorar a un alcalde é complicado separar o que é faceta política, do que é faceta persoal e incluso a faceta profesional. Mais desde o Partido Socialista vamos intentar facer este exercicio de separación de todas as facetas. Soamente mencionar que durante a campaña electoral deste mesmo ano o noso alcalde publicaba nas súas redes sociais o seguinte, cito textualmente. Varias das nosas parroquias non teñen representación nas candidaturas do BNG e do PSOE. Impórtanlle estas parroquias ao BNG e ao PSOE. Tamén criticaba vostede o feito de que algunhas persoas non naceran ou residiran en Ordes e afirmaba que, por suposto, non se sentía representado por esas persoas. É de valorar que a lista da oposición desperte tanto interese pola súa parte como para comprobar eses datos. Agora pregunta en cal das nosas parroquias naceu o señor Martino. En cal das nosas parroquias reside habitualmente, e recalco habitualmente, o señor Martino. A min, persoalmente, dáme igual donde nazan, residan, traballen e morran os nosos representantes políticos. Absolutamente igual. Son de valorar os alcaldes por outro tipo de criterios. Pero, vostede admitiu non sentirse representado polos forasteiros. Entendo que agora votará en contra deste punto. Simplemente se trata de apelar á coherencia que vostedes sempre nos recalcan en todos os plenos. Por outra banda, centrándonos xa en valorar a faceta política e a capacidade de xestión, que é o que de verdade temos que valorar, cítase na memoria que, con Martino o teléfono chegou a todos os núcleos, comezou a chegar a todos os núcleos. Antes de ser el alcalde concretamente, en xaneiro de 1986, existía un total de mil liñas e unha ampliación prevista xa de cincocentas mais. As obras do centro de saúde xa estaban adxudicadas, tamén coincide con este ano, no 1986, gracias ás negociacións do alcalde Manuel Viqueira Vereas co Instituto Nacional de Saúde, por aquel entón. Martino limitouse a inauguralo, evidentemente, cando xa unha vez foi investido alcalde. Indícase na memoria que foi gracias a Teodosio Martino que se construíu a residencia da Terceira Idade. Teno que negalo, tamén, categóricamente. En outubro de 1986 as obras xa estaban adxudicadas. É certo que a obra se executou posteriormente, cando Martino xa era alcalde, pero vostedes saberán que ten máis mérito, moitas veces, a negociación e a captación de fondos que a propia construción das infraestruturas. O proxecto de execución do paseo fluvial débese en boa parte ás xestións do concelleiro socialista Jesús Pedreira. E despois afirman vostedes que a súa pretensión é homenaxear a todos os alcaldes. Permítame que o dubide por dúas cuestións, principalmente. A primeira, isto de comezar polo criterio do alcalde con máis anos de dedicación. A ver, dáse a casualidade de que é o único exalcalde do Partido Popular. Ser é raro, cando normal, cando se fan este tipo de recoñecementos, é respectar a cronoloxía dos cargos, empezando polo máis antigo, claro. A segunda cuestión, se neste informe se atribúen



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

méritos a Martino que non lle corresponden, que lle corresponden a outros alcaldes e rexedores, que se vai poñer logo nas súas memorias. Xa o dixo noutro pleno, pero é conveniente repetilo. A xestión de Martino non foi, nin moito menos, positiva para ordes. Para moitos veciños, esta etapa representa anos escuros para o desenvolvemento da vila das parroquias. A instalación do gas cidade é totalmente deficitaria, a estación de tren está totalmente afastada do núcleo urbano gracias a ineficaz xestión de Martino. No ano 1990, Martino asinou con Fenosa a concesión dos terreos do encoro de Vilagudín por un período de trinta anos para crear un área recreativa. O exalcalde dicía por aquel entón na prensa que pretendía instaurar alí unha escola de voos ultralixeiros e un club náutico, nada máis a nada menos. Pasaron os trinta anos e o único que temos en Vilagudín é maleza. Díganme se isto non é rirse dos veciños. O que non sabemos é que foi dos recursos públicos que se utilizaron para realizar esta non operación. Foi o primeiro alcalde en fixarse un salario desmesurado, a conta, como non, dos recursos de todos e todas. Podería poñer moitísimos máis exemplos, pero non é a cuestión. En resumo, non consideramos a Martino merecedor desta distinción polos motivos achegados e por moitos outros, é simplemente engadir que non fixo nada que non tivera que facer como alcalde ou que non estivera nas súas funcións e competencias sobradamente remuneradas.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que no BNG consideramos, como manifestamos da outra ocasión, un erro premiar a quen se amparou e beneficiou do transfuguismo no ano 1999 para manter a alcaldía. Naquel entón, pois amparouse nos tránsfugas José Luis Díaz Hermida e Vitorino Cores Liste para manter o sillón, o que detorpeou e corrompeu o manifestado pola veciñanza de Ordes naquelas eleccións. Repiten, non teñen nada en contra persoalmente co Sr. Martino, pero considerámolo o protagonista dunha das épocas máis turbias da historia política do noso Concello. Por outra banda, xa analizando que é a memoria xustificativa do expediente resulta chamativo que os méritos se condensan en tan só tres carañas, nas que, por certo, se recorre á exaxeración carentes de toda lóxica, como por exemplo, aseverar que o pavillón Castelao I é un referente deportivo en toda España pola calidade das súas instalacións. Non é por nada. El tivo a oportunidade de arbitrar noutros campionatos de España coa selección galega de taekwondo en Tarragona, en Valencia, en Alacante e o pavillón Castelao I, perdoen, pero dista moito de achegarse minimamente a estas instalacións, como tamén, por certo, doutros pavillóns galegos, nos que tivo oportunidade tamén de estar na Coruña, en Pontevedra, Ourense, Ribeira, Moaña, Cangas. Sendo sinceros, a realidade é ben distinta a que pretenden facer ver aquí nesta memoria. Isto demostra a falta de rigor e de fundamento que da proposta en si. O que fai é que nos preguntemos se realmente a intención é honrar aos alcaldes da democracia ou que se pretende é crear precedentes para acadar a posteriori dita distinción. Nesta ocasión, van votar en contra, fundamentalmente, porque isto supón premiar ou branquear a práctica do transfuguismo como medio para acadar o poder ou a alcaldía.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do grupo político PP, que sinala que Teodosio Martino vive en Leira, dorme todos os días en Leira, viven alí. Non se ría, porque está censado alí e vive en Leira. Nestes momentos está de vacacións, pero vive en Leira. Non sabe por que falan vostedes así, non ten casa en ningún outro sitio. Esa é a súa residencia. Ven, fálame do centro de saúde. Mire, é que mestura o touciño ca velocidade. O señor Manuel efectivamente trouxo un centro de saúde. Pero onde estaba, onde está hoxe o Museo do traxe. Eu entendo que o vostede é moito mais nova, pero ela xa foi ao centro de saúde. Ela xa viu construír os dous centros de saúde. O señor Manuel Vérea si que efectivamente trouxo o centro de saúde, pero de abaixo. E o señor Martino, o centro de saúde, donde está situado agora mesmo, a día de hoxe. En canto á residencia da terceira idade, non sabe ao que se refire, en 1983 non estaba nin aberta esa rúa, a rúa de Víctor González Falla non estaba nin aberta, e ademais vaille dar outro dato, ela foi concelleira en 1999, a rúa fíxose en 1993, ela foi á inauguración da residencia, e era concelleira en 1999, foi a partir de 1999, non llo pode dicir, pero si que lle dirá en que data se inaugurou, Pero foi á inauguración da residencia da Terceira Idade. Non sabe, posiblemente, pois houbera, como houbo durante moito tempo, un sitio, unha especie de centro social de día. Seguro que si. Cando faga memoria a quen lle corresponda de Manuel Vereá,



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

seguro que o averigua todas esas cousas nese momento. En canto ao encoro de Vilagudín, miren, o encoro de Vilagudín foi un acordo que se fixou con Naturgy. E durante moito tempo houbo ali iso que vostede mencionou, clases de windsurf, todo iso, ela viuño tamén. Se Naturgy mantivo ou deixou a día de hoxe, deixou esa zona total e absolutamente abandonada, nos pedímoslle varias veces, tanto o concedo de Tordoia como nos, a Naturgy, porque tamén Tordoia actúa neste encoro, que se acondicionase a zona en varias ocasións. O salario de Martino, mire, Martino era funcionario, toda a xente que son funcionarios, o salario equipárase directamente, o que cobran de funcionario ao que cobra de alcalde. Naquela época non estaba limitado o salario do alcalde. Igual que, por exemplo, os concelleiros que eran funcionarios non podían cobrar máis dunha certa cantidade porque iso estaba perfectamente regulado. O Paseo Ramiro Recouso. Vamos a ver, Paseo de Ramiro e Recouso, tamén era concelleira cando viu o proxecto. O señor Jesús Pedreira, vale, podía estar na corporación e falábamnos todos diso e despois se impulsaría moito cando estivo gobernando. Pero, a ver, que me fale do señor Manuel Regos que impulsara o Paseo de Ramiro Recouso aínda casi llo compra, porque estábamos no mesmo goberno. Pero, señor Pedreira, home, como se di que o fixo ela. Encanto a vostedes, defenden as maiorías parlamentarias cando lle conveñen a vostedes. Claro, o señor Martino, como faría calquera outro alcalde era a lista mais votada e conseguiu o apoio. No, ilegal, no. Ven, e encanto ao pavillón, vamos a ver se nos pona en comparación cos pavillóns das grandes cidades, evidentemente. O pavillón Castelao I, primeiro xa pola súa estrutura, xa pola súa forma de construción, xa foi pioneiro. Porque, non sei se vostede o recorda, pero falouse moito naquel momento da calidade dese pavillón. É despois a calidade da pista en hóckei é moi boa.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén a Sra. Rivadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que en canto a dato do centro de saúde, efectivamente na memoria non se especifica a cal centro de saúde nos referimos, evidentemente. Daquel tempo era unha xestión prioritaria e necesaria para este Concello, a iso se refería. En canto á residencia non dixo que Manuela Viqueira Vereas inaugurara a residencia. Dixo que no 1986 xa se fixeran os trámites e xa se adjudicaran as obras. hai hemeroteca ao respecto. E seguramente haxa documentación que poida avalar este dato. Nada máis que engadir, pouco máis. Simplemente dicir que hai máis oito mil concellos neste país e imos ser o único concello que homenaxea aos alcaldes, supostamente. Neste caso, con afán totalmente partidista.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que sinto dicirlle que sigue estando equivocada. Se a rúa se abre en 1993 e os terreos se ceden para uso social, nese momento non podía haber nin ese proxecto, nin nada polo estilo de todo o que acaba de mencionar. Deixe de confundir e analice as cousas un pouquiño antes e preparase un pouquiño mellor. É o que lle pediría única e exclusivamente porque acaba de dar moitísimos datos erróneos. Se vimos aquí e comprometemos unha cosa é para facer e traeranse os catro expedientes dos 4 exalcaldes. Non teña ningunha dúbida, un por ano. Pero os criterios, loxicamente, teremos tamén todo o dereito do mundo a marcalos e a consideralos, como os consideremos oportunos, a ilos tramitando. E vostedes optaran por unha decisión. nuns expedientes e non outros, pero que si lle pide, respecten, respecten, desde logo, que o apoio maioritario que lle deron os veciños a esta corporación para poder tomar as decisións. Está no seu dereito de cuestionar o que considere oportuno, so faltaría. Pero ao mesmo tempo, tamén, lle pide que respecten que as decisións que se toman, e se se vén aquí cun compromiso dunha palabra, é para a facer efectiva. Non trate, despois de darlle voltas e terxiversar as súas palabras, para nada. Téñao claro, e asegúralle que se de el depende, porque hoxe esta aquí, non sabe o que vai pasar mañá, nin dentro dun mes nin dentro dun ano. Cada ano traerá un expediente de todos os exalcaldes da democracia de Ordes. Uns están vivos, uns teñen máis idade, outros teñen menos idade e outro, non vive a día de hoxe, e haberá que contactar coa súa familia para facer a título póstumo. Pero, o dixo naquel momento naquel pleno, dixo os motivos polos que



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

consideraba necesario facelo, e ratifica hoxe aquí outra vez, xa que cree que o único que está tratando e poñelo en dúbida que vaia ser así. Despois saberemos se hai vontade ou non hai vontade de como se van a facer as votacións e aprobacións de todos a cada un deles. Iso tamén o teremos todos en conta, porque ao final aquí hai dezasete representantes e tomarán as decisións por acordos maioritarios. Simplemente era para aclarar para que despois non se lle esquencera

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que respectamos os resultados e sobre todo a sumatoria, pero o que é innegable que se apoia nun tráfuga. E así foi é un feito. Se aquí dicimos que hai que respectar os resultados electorais e a democracia e a suma, e resulta que, por outro lado, se promoven, se benefician de prácticas que vostedes mesmos criticaron, tamén, por certo, cando dous dos seus integrantes no ano 2015 deixaron oa seu grupo municipal, pois, apaga e vámonos. Entón, o que lles parece que é un erro, un completo erro premiar este tipo de prácticas que tiveron lugar e que alguén se beneficie da compra de concelleiros para acadar o poder e manter a alcaldía. Entón, iso non nos parece correcto e por iso votamos en conta. Non tocante a calidade do pavillón Castelao I, home, a ver, que se lle diga que a día hoxe a pista presenta unha calidade aceptable cando presenta bombamentos considerables e sofren determinados elementos de carcoma e demais, pois non é certo. Pero fora de todo iso, o motivo fundamental é que este tipo de prácticas para nós non pode ser premiada. Por tanto, por iso votamos en contra neste caso.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal, que sinala que cree que todos os que nos adicamos ao servizo público temos luces e sombras, sen lugar a dúbida. Non nega que tamén houbo momentos nos que persoalmente tivo os seus rifirafes, pero que o que si é certo e que hai que dar a Dios o de Dios e ao César o que é do César. Chámese sorte, era a época, pero o que é innegable que a época na que gobernou Teodosio Martino Martino foi unha época na que trouxo moitísimos servizos e que efectivamente si instaurou os piares do que hoxe é Ordes. Non quere dicir que non se estivera facendo, pero durante vinte anos ser elixido cinco veces alcalde de Ordes polos veciños cree que é xa un motivo máis que suficiente para facer Fillo adoptivo. Se a iso se lle suma a súa traxectoria como axente de extensión agraria ou no mundo como enxeñeiro agrónomo, sen lugar a dúbida toda a xente coa que falou nese ámbito, a verdade é que só teñen palabras de agradecemento. E en canto o feito de que se empece por Martino cree que é unha cuestión de idade. É a persoa que e máis lonxeva nestes momentos, a persoa maior. Consideran que o cortés non quita o valente, e que o feito de que sexa rexedor e que represente aos veciños de Ordes máis ala dos rifirafes que podemos ter en política, que é máis que suficiente para outorgarlle a calquera deles os títulos de Fillo adoptivo ou predilecto, que ao final teñen os mesmos estamentos que teñen como exalcaldes de Ordes. Os mesmos privilexios, exactamente, os mesmos todo.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo municipal, por maioría absoluta de nove votos a favor (9 grupo político PP), sete votos en contra (5 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta Corporación, adoptou o seguinte acordo:

Nomear a D. Teodosio Martino Martino, fillo adoptivo do Concello de Ordes.

- 5. EXCEPCIONAR OS LÍMITES SINALADOS NO ARTIGO 174.3 DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 2/2004, DO 5 DE MARZO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI REGULADORA DAS FACENDAS LOCAIS PARA A SINATURA DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE ORDES EN MATERIA DE AUGAS E OBRAS HIDRÁULICAS.**

Vista a proposta da Alcaldía que se transcribe a continuación:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

“Polo Concello de Ordes estase a tramitar un Convenio de Colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Ordes para acometer e incorporar ao patrimonio público municipal a actuación de **“Abastecemento e saneamento ao Canedo desde Mesón do Vento. Ordes (A Coruña)”**, cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 en Galicia.

O réxime de financiamento indicado no citado proxecto de Convenio é o seguinte:

	Augas de Galicia	Concello de Ordes	Importe
2024	100.096,07 €	25.024,01 €	125.120,08 €
2025	554.946,54 €	138.736,65 €	693.683,19 €
Total	655.042,61 €	163.760,66 €	818.803,27 €

Para a sinatura do citado pola Directora de Augas de Galicia solicítase que polo Concello de Ordes se acheguen previamente os documentos contables RC de futuros coa distribución de anualidades que constan na cláusula sexta do convenio.

Pola intervención municipal infórmase que ao tratárense de transferencias de capital o gasto que se impute a cada un dos exercicios futuros autorizados non poderá exceder da cantidade que resulte de aplicar ao crédito correspondente do ano en que a operación se comprometeu as seguintes porcentaxes: no exercicio inmediato seguinte, o 70 por cento; no segundo exercicio, o 60 por cento, e no terceiro e cuarto, o 50 por cento (artigo 174, apartado 3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais - TRLRFL).

O apartado 4 do mencionado artigo 174 TRLRFL indica que “con independencia do establecido nos apartados anteriores, para os programas e proxectos de investimento que taxativamente especifíquense nas bases de execución do orzamento, poderán adquirirse compromisos de gastos que haxan de estenderse a exercicios futuros ata o importe que para cada unha das anualidades se determine”.

Se ben nas bases de execución dos orzamentos (Base 35ª) dispónse que “Para os proxectos de investimento financiados con ingresos afectados poderán adquirirse compromisos de gastos de carácter plurianual até o límite establecido na correspondente programación financeira” ao ser Augas de Galicia quen vai levar a cabo a execución das obras, achegando o Concello a súa parte a través do Capítulo VII de gastos, non se trataría de investimento financiado con ingresos afectados.

No entanto o apartado 5 do reiterado artigo 174 TRLRFL permite que en casos excepcionais o Pleno da corporación poderá ampliar o número de anualidades así como elevar as porcentaxes a que se refire o apartado 3 deste artigo.

Ao tratárense dunha actuación nun servizo mínimo obrigatorio de competencia municipal de grande interese para o Concello, cuxa execución pola súa contía vai a asumir Augas de Galicia, como un dos órganos que integran a Administración hidráulica de Galicia, a través do cal a Comunidade Autónoma de Galicia exerce as súas competencias en materia de augas e obras hidráulicas.

Propónse a adopción polo Pleno do acordo seguinte:

Excepcionar os límites sinalados no artigo 174.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais para a sinatura do Convenio de Colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Ordes para acometer e incorporar ao patrimonio público municipal a actuación de “Abastecemento e saneamento ao Canedo desde Mesón do Vento. Ordes (A Coruña)”, cofinanciado polo Fondo



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 en Galicia, de xeito que o financiamento sexa distribuído entre as partes asinantes do seguinte xeito:

	Augas de Galicia	Concello de Ordes	Importe
2024	100.096,07 €	25.024,01 €	125.120,08 €
2025	554.946,54 €	138.736,65 €	693.683,19 €
Total	655.042,61 €	163.760,66 €	818.803,27 €

”

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Contas, Facenda e Persoal, de data 24/11/2023.

Aberto o debate, prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que como xa nos informaron na Comisión Informativa, é un trámite que lles esixen desde a Xunta de Galicia, xa que nos sempre estaremos a favor de que se fagan as mais obras posibles xa que o beneficio é para os veciños.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que trátase dunha actuación que levamos demandando e propoñendo moitos anos, evidentemente estamos de acordo con ela. Son o tipo de actuacións que sempre demandamos, o abastecemento e o saneamento, que teñen moita deficiencia as parroquias do noso Concello e diversos núcleos. E entón, en consonancia, vamos votar a favor para que se poida facer canto antes.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que agradece que voten hoxe a favor. Resulta curioso que voten en contra cando isto había que aprobalo nos orzamentos, nese momento, non se podería levar a cabo a obra, polo seu voto tanto de uns como dos outros. Pero ao final, cada cosa vaise poñendo no seu sitio. Cando interesa quedar ben de cara a galería, vimos aquí a dicir que vimos demandando, pedindo, esixindo e solicitando. Pero cando hai que aprobar o orzamentos, dicimos non. E iso dixeron non tanto o partido socialista como o BNG.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría de dezaseis votos a favor (9 grupo político PP, 5 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

Excepcionar os límites sinalados no artigo 174.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais para a sinatura do Convenio de Colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Ordes para acometer e incorporar ao patrimonio público municipal a actuación de “Abastecemento e saneamento ao Canedo desde Mesón do Vento. Ordes (A Coruña)”, cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 en Galicia, de xeito que o financiamento sexa distribuído entre as partes asinantes do seguinte xeito:

	Augas de Galicia	Concello de Ordes	Importe
2024	100.096,07 €	25.024,01 €	125.120,08 €
2025	554.946,54 €	138.736,65 €	693.683,19 €
Total	655.042,61 €	163.760,66 €	818.803,27 €



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

6. CONVENIO DE COOPERACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA A REDACCIÓN DUN PROXECTO BÁSICO DE CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO RESIDENCIAL DE MAIORES CO FIN DE ELABORAR O PLAN DE VIABILIDADE ECONÓMICA.

A efectos do establecido no art. 83 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese ao Pleno do Concello, por razóns de urxencia, este expediente que inicialmente non figuraba incluído na orde do día.

Polo Sr. Alcalde xustifícase a urxencia en que pola Deputación Provincial se convocou con carácter urxente a este Concello á sinatura no día de mañá do texto deste convenio para a redacción do proxecto técnico de construción dun centro residencial de maiores en Ordes, debendo previamente aprobarse a súa sinatura polo Pleno do Concello.

O Pleno do concello por maioría de dezaseis votos a favor, sendo dezasete o número legal dos seus membros, acordou a declaración de urxencia e inclusión deste asunto na orde do día.

Vista a proposta da Alcaldía que se transcribe a continuación:

“Con data 31/03/2023 polo Concello de Ordes asinouse coa Deputación Provincial un protocolo de cooperación para a creación dun centro residencial de maiores en Ordes.

Segundo as cláusulas Segunda (Compromisos das partes) e Terceira (Fases do proxecto de construción e posta en funcionamento) deste protocolo, unha vez asinado este debe levarse a do proxecto.

Para levar a cabo a redacción deste proxecto previamente debe asinarse un convenio coa Deputación Provincial, previa aprobación polo Pleno do Concello.

Pola Deputación Provincial remitiuse o borrador do Convenio para a redacción dun proxecto básico de construción dun centro residencial de maiores co fin de elaborar o plan de viabilidade económica de acordo co art. 68.2ª da Lei de servizos sociais de Galicia.

A sinatura deste convenio non xera obriga económica algunha para o Concello de Ordes ao asumir a Deputación Provincial o custo do orzamento da redacción deste proxecto básico e o estudo xeotécnico.

A sinatura do convenio implica que o Concello de Ordes debe poñer a disposición da Deputación Provincial os terreos necesarios para a realización das tomas de datos e estudos xeotécnicos necesarios para a redacción deste proxecto básico.

Por todo elo e a efectos de continuar a tramitación do expediente de creación dun centro residencial de maiores en Ordes, propónse ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

- Aprobar a sinatura dun convenio de cooperación coa Deputación Provincial para a redacción dun proxecto básico de construción dun centro residencial de maiores co fin de elaborar o plan de viabilidade económica.
- Por a disposición da Deputación Provincial dos terreos necesarios (Parcelas catastrais A5, 76, 77, 78 e 79) para realizar as tomas de datos e estudos xeotécnicos necesarios para a redacción do citado proxecto básico”.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Aberto o debate, prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Rivadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que en primeiro lugar, citar que nos alegamos desta iniciativa por parte da Deputación da Coruña, que consideramos moi necesaria para a nosa veciñanza. Presentamos unha poboación moi avellentada, este é un dos recursos que máis se demandan nos trámites de dependencia. Tamén debemos ter en conta que non só as persoas maiores recorren a este tipo de servizos. Moitas persoas novas que adquiriron algún tipo de discapacidade ao longo da súa vida son candidatas a vivir neste tipo de residencias. Desde o Partido Socialista apostamos por un novo modelo de coidados, incidimos niso. Debemos abandonar o modelo de residencia masificada e temos que contar con edificacións que teñan acceso a zonas verdes como requisito fundamental. Para a promoción do ocio saudable ou o envellecemento activo. Neste caso, a Deputación da Coruña financia o proxecto e a execución e o Concello de Ordes aporta os terreos. Ten que dicir que a documentación lles chegou ven avanzado o día de hoxe, por tanto non tiveron o tempo que lles gustaría para a poder revisar exhaustivamente. Aínda así, teñen que sinalar que as referencias das parcelas non figuran no Catastro, é dicir, non puideron cotexar esta información. Entenden que se trata dun erro, que se debe subsanar urxentemente, para eles é unha información fundamental dispor dela para tomar unha decisión acerca de votar a favor, en contra ou absterse.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que lle pode aclarar isto. Compráronse cinco parcelas con cinco referencias catastrais. A día de hoxe xa están agrupadas non a única parcela porque toda ela e titularidade do Concello e fíxose unha agrupación. Fai referencia ao texto do propio convenio, que a referencia que ten a Deputación, pero compráronse cinco parcelas que están pegadas entre si, son todas contiguas. É o terreo que está xusto contigo á Residencia, hasta a medianeira do seguinte edificio, cinco parcelas, as A5, 76, 77, 78, 79, que a día de hoxe non figuran na cartografía porque son as cinco parcelas propiedade do Concello e agrupounas nunha única referencia, pero en base a que se fixan aos trámites a nivel municipal. Pero partimos de cinco parcelas e cómpranse cinco parcelas distintas que están agrupadas nunha única para aclarar.

Intervén a Sra. Rivadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que sendo así, entendemos que eses terreos non cumpren os criterios que deberíamos ter en conta para que se edificase alí unha residencia con acceso a espazos verdes ligado ao novo modelo europeo, ao que debemos dirixirnos. Polo tanto, dada esta información, non podemos votar a favor. Indubidablemente, necesitamos unha residencia, pero creemos que se ten que dar cuns criterios de melloría. E, por tanto, non podemos falar da ampliación da residencia existente senón da construción dunha nova residencia.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político do BNG, que sinala que home, señor alcalde, que vostede diga que en Ordes o convenio é porque o grupo do Partido Popular na Deputación da Coruña decidiu que fose en Ordes o emprazamento. Recórdalles que quen goberna a Deputación da Coruña non é o Partido Popular, e como vostedes nos trasladan aquí no Concello de Ordes, moitas veces, se non están gobernando non pintan nada. A ver, teñamos seriedade. Temos a sorte de que decidiran que en Ordes poidamos ter acceso a este financiamento para conseguir o obxectivo. Entón, a ver, digamos as cosas como son. Despois, podemos compartir que o emprazamento se cadra non é o máis axeitado e se cadra as parcelas que se deberán comprar para unha residencia, deberían ter máis acceso a zonas verdes, un sitio de paseo, se cadra unha proximidade tamén ao Centro de Saúde para que poidan ante calquera tipo de emerxencia ter unha resposta áxil. De todos os xeitos é un investimento que temos oportunidade de adoptar, de intentar aumentar esa oferta de servizos á veciñanza e polo tanto, nada, imos a votar favorablemente este convenio.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que agradécese que vaian a votar favorablemente, pero por moitas voltas que lle queira dar, nos podemos ir á hemeroteca se quere, esa é a realidade. Cada grupo político escolleu o concello onde se ía implantar este modelo de residencia consensuado coa Xunta de Galicia en canto a todos e cada un dos criterios de obrigado cumprimento. É a realidade, única exclusivamente vostedes que como fixeron sempre, xa o demostrou no seu momento que foi alí a facer o paripé, tamén en coa foto oportuna quere dicir que algo que pediron vostedes. Vostedes non pediron absolutamente nada en todo isto. En todo isto é el quen recibe unha chamada do seu presidente provincial para dicirlle que éramos os escollidos dentro dos concellos gobernados polo Partido Popular. Vostedes non tomaron ningún tipo de decisión nisto. Donde hai algún sitio que diga que vostedes quixeron que se fixera en Ordes. Teñen alí cantidade de proxectos que mandamos nos, a outra parte da senda da Brea, a obra da humanización da Calle de Poulou, a recuperación dunha vez por todas da senda peonil cara a Pinguela. Donde hai moito tempo, esta totalmente convencido e seguro, tal como falan aquí, que son vostedes que están dicindo que non se fagan. Porque non lle ve outro tipo de explicación. Porque eses proxectos levan alí moitísimo tempo e non se moven. E única e exclusivamente se dedican a investir nas vías provinciais onde vostedes están gobernando porque para iso si que teñen suficientemente autonomía. Pero nisto non tiveron ningunha, porque foron os representantes, os voceiros, os grupos políticos que se puxeron de acordo e cada un deles despois decidiu tomar a súa decisión oportuna. Si, señor Vidal, se vostede, máis eu, que tanto lle dá a cabeza, xógase o seu posto contra o seu. Agora mesmo, que esta dicindo a verdade, e vostede minte. E se vostede de é tan valente, faga o mesmo con el. Porque daquela desde mañá mesmo deixará de ser concelleiro unha vez que esteamos co presidente da Deputación. Se é tan valente, se é tan valente, fágao agora mesmo o el lle di, el xógase o seu posto a que está dicindo a verdade e que vostede de minte. Xógase o seu posto. Diga vostede o mesmo na segunda quenda de intervencións e mañá ratificámolo. E despois sexamos valentes e cumpramos a nosa palabra. Pero aquí non veña vostede a mentir nin terxiversar as palabras nin deste alcalde, nin deste grupo de goberno, nin do grupo municipal do Partido Popular na Deputación. De ningunha maneira. E se tan valente é, acepta a miña proposta agora mesmo. Acéptea, sexa valente.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén a Sra. Rivadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que en primeiro lugar, isto non é unha ampliación. Revisou a documentación exhaustivamente. En ningún momento aparece que sexa unha ampliación. Isto será algo que extraeron vostedes ou que pretenden.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que é unha ampliación, porque se vai manter a cociña, a lavandería, cantidade dos equipamentos que están a día de hoxe alí se van a manter. E todo iso está feito e falado cos técnicos da Deputación. E aquí veu a xente do seu propio partido político a aceptar todas e cada unha desas condicións. Fale vostede con eles. Veu a ver a residencia, e veu a ver os terreos. Vale, e vaise a integrar unha fachada na outra, vai a ser fachada única e unha ampliación.

Intervén a Sra. Rivadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que entón, peor llo poñen. Porque é de sabios aprender das eivas das actuais edificacións, é dicir, a actual residencia non ten nin onde parar unha ambulancia diante da porta. É vostedes son conscientes.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o mesmo que lle dixo ao señor Vidal, se vamos agora mesmo alí a ver se non hai unha parada alí para unha ambulancia, ou non ten unha parada reservada para discapacidade, na mesma man. Vamos agora mesmo alí e xogámonos oposto. El vaise de alcalde e vostede vaise de concelleira. Porque isto é unha tomadura de



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

pelo. É que é increíble. Vamos, acepte agora mesmo. Vamos agora mesmo alí. Vale, vamos agora mesmo todos aquí e facemos un receso de cinco minutos. Acepte. Vamos. É que lle parece unha tomadura de pelo.

Intervén a Sra. Rivadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que como ía dicindo, peor llo poñen porque agora mesmo que teña que parar unha ambulancia alí con carácter de urxencia, e déixelle acabar, por favor, non hai o suficiente espazo como para que o tráfico siga circulando. É vostede o sabe. Á vostede gustaríalle vivir nesta residencia. Que bota un pe fora e non ten unha zona verde á que acceder. Como pode traballar o persoal desa de residencia e facer unha programación de ocio no exterior. Pódello responder. Pero, por outra banda, si que lle gustaría. Cree que aquí somos dezasete concelleiros, seguramente teríamos algo positivo que aportar a todo isto. Simplemente fai unha apelación á documentación. Na documentación, extráense as fases do proxecto. Sínálase que o primeiro paso é a sinatura do protocolo, que xa está realizada. A segunda é a redacción dos proxectos por parte do Concello. Logo viría a autorización por parte da Xunta e logo o estudo de viabilidade. En ningún momento se lles achegou ningún tipo de documentación destas fases previas. Non teñen a potestade para tomar unha decisión acerca dunha inversión tan importante, realmente. Vamos a darnos conta de que é unha inversión dun calado significativo, que será a residencia de moitos de nós e, por tanto, temos que ser exhaustivos na revisión da documentación que vai a marcar a vida de moitas persoas que residan na residencia.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que póñanse como queiran, alporíscense como queiran. Este voceiro está moito por riba dese tipo de posturas e demais e non vai baixar á lama como pretenden embarrar o debate. Vostedes, sigue insistindo, teñen na Deputación a representación que teñen e polo tanto quen governa son outras forzas políticas e por moito que vostedes digan que recibiu unha chamada do seu presidente de tom bataramba, quen decidiu iso foi o goberno da Deputación da Coruña e digan o que queiran. A realidade é esa. E tiveron a sorte de que en Ordes escolleran esta localización para implantar este tipo de actuacións para dotarnos non dunha nova residencia, neste caso dunha ampliación. E a máis, por certo, vostede foi o único dos alcaldes que non foi asinar o convenio. Foi neste caso como representante do goberno municipal a concelleira Susana García e, mentres que polo resto de concellos, polos seus respectivos alcaldes naquel entón. E nada, repiten, votan a favor. Certo é que pensan que a ubicación non é máis axeitada. Igual, en vez de mercar esas parcelas que se mercaron alí, podíanse ter mercado noutro emprazamento máis acorde para os espazos que deberá ter esta residencia para ofertar unha maior calidade de vida aos seus usuarios e nada máis.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que simplemente por aclararlle. Vostede siga tratando de confundir, non está dicindo a verdade, siga faltando a ela. Maníféstase no que dixo, ratifícase onde faga falta porque é a realidade se esta residencia ou esta inversión, porque o que é a residencia vai ser como ven di, unha ampliación. Cunha sinerxía xa coa xa existente, e oxalá se poida executar canto antes, porque desde logo que sería a mellor das novas para todos a cada un de nós. Xa resulta a verdade que bastante chamativo que isto se inicia no ano 2022, se tarde practicamente un ano, en única e exclusivamente asinar un protocolo de intencións e a partir de a hora e aínda vamos a ver o proxecto básico, e aínda non sabemos nin quen vai a facer o proxecto construtivo, aporque non son capaces nin de deixalo definido aquí, non se atreven nin a iso. O que resulta tamén moi chamativo, a ao texto do propio convenio, se remito, porque estamos a falar só exclusivamente do proxecto básico, nin do proxecto construtivo. Vamos aquí, pasiño a pasiño, a ver se cada vez que damos un paso, seguimos vendendo cousiñas novas, confundindo a poboación e gañando tempo, e deixamos polo tanto, mentres, sen facer outras moitísimas actuacións que están pendentes, e castigamos canto mais poidamos, que é o que fan aos concellos que governa o Partido Popular, que quen están pagando esas consecuencias, son os veciños, por esa nefasta xestión que vostedes fan desde a Deputación Provincial en canta inversións directas nos bens da súa propia competencia. Insisto o que lle dixo antes, ánimoos a que presionen a Deputación para que se executen todos a cada un deses proxectos que están presentados. Anímaos, vostedes viñeron aquí en varias



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ocasións queixándose da senda da Pinguela, senda da Pinguela que é da Deputación. Está nun estado lamentable desde hai máis de dous anos. Mais de dous anos. Estarían poñendo o grito no ceo se esa senda fora de titular de municipal aquí nos plenos, semana tras semana e mes tras mes. Non fan absolutamente nada, non se preocupan para nada. Para nada, nin uns nin os outros. Fagan algo, tamén como representantes da oposición, alí onde teñen peso de decisión de goberno para que se resolva dunha vez por toda o estado lamentable desa senda. Fagan o que poidan. E pídello tamén el desde aquí. Aquí agora é importante poder sacar adiante isto, os técnicos da Deputación estiveron aquí, son coñecedores do proxecto, déronlle o visto bo. No seu momento agardemos, insisto no que dixó, hai un momentíño que se poida executar canto antes, xa lles adianta, que dous millóns de euros quedo que é do que faláron nese primeiro protocolo de intencións, non chega para facer nin un 30% do que aí é necesario facer, nin o 30% do que é necesario facer en Rianxo, nin o 30% do que é necesario facer en As Pontes. Hai que poñer máis diñeiro enriba da mesa. Moito máis. Ben, agora vostede dixó unha cosa que é moi correcta. Quen ten as competencias. Quen ten tamén moitísimas competencias tamén en abastecemento e saneamento non só Augas de Galicia e non aporte nin un so euro aos concellos, a Deputación provincial. Especialmente aos Consellos máis pequenos. Xa non pediría neste caso para o de Ordes que están no nivel de dez a vinte mil habitantes. Pero toda a sangría que está facendo cos de menos de cinco mil habitantes é realmente lamentable. É unha competencia propia da Deputación da Coruña de darlles o servizo de abastecemento e de saneamento. Lea vostede a Lei de bases. Entón, se que o vostede fala de competencias, tamén lle fale el desde aquí. Si, financiación, claro, pero a financiación hai que saber administrala. Cando non interesa, pois facemos o que facemos e seguimos manipulando e terxiversando continuamente. Iso si que non é para nada positivo. Aquí é importante que esta residencia se poida ampliar. Estamos agora mesmo con corenta e nove prazas. Oxalá poidamos amplialas as cen porque o terreo e o volume do que alí se adquiriu e con esas plantas que permite tanto nos sotos como nas plantas altas, podería perfectamente ampliar en cen prazas máis das existentes e chegar a preto das cento cincuenta. Que se faga este proxecto básico coa maior das dilixencias posibles. E encanto á sinatura, señor Vidal, eu nese día non podía ir e como sempre fago, cando non poido, teño delegado na primeira tenente da alcalde, teño delegado na concelleira responsable, neste caso de política social, vai ela a asinar. E mañá eu si poido ir, vai ela igualmente a asinar, porque asinou no protocolo de intencións, e a vou a acompañar eu tamén. Porque mañá poido, nese momento se non poido, non podemos estar en dous sitios ao mesmo tempo. Son eles os que fixan o día máis a hora, é a Deputación Provincial. Temos que traer isto aquí, con o carácter extraordinario e urgente, para poder facelo mañá. E agradezo que o poidamos tramitar por urxencia, porque é bo para todos. Pero mañá eu vou a acompañar á Concellería de Política Social, que considero que ten que asinar isto, porque xa asinou a primeira fase. Na primeira non podía acompañar e é algún tipo de problema iso. Se temos cousas que atender aquí, eu creo que aquí nos debemos de maneira especial aos veciños, non porque nos chamen da Deputación para ir a asinar un protocolo de intencións, non para ir a asinar un protocolo de intencións. Se para vostedes e prioritario asinar un protocolo de intencións é saír na imaxe antes que atender aos veciños, vostedes xa están un pouquiño retratándose de realmente como é o sistema de operar. Pero é a palabra que dixó vostede fai un momentíño, que foi un único que non foi, que nos houberan posta outra data.

Solicita unha quenda de palabra a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSOE, que sinala que se nos está dicindo que pidamos as cousas, nos falamos coa Deputación sobre a senda de Poulo, que tanto recalca e eles din que iso é de mantemento do Concello. Cando pedimos neste Concello, neste sitio, pedimos nun pleno que sa amañara a entrada da estrada de Poulo, porque habían os desniveles e había un veciño que usaba case a diario porque viña na cadeira de rodas. Segundo chamamos xa viñeron e aos quince días estaba amañada esa curva. E agora, cando pedimos cada dous por tres, antes de traer aquí nada ao pleno, nos xa lles chamamos. E eles o único que nos din e que nos recalcan é que eles fan a obra e quen ten que mantela é o Concello. Non sei se minten eles ou minten vostedes ou que minto aquí, pero o que si non lle vai a tolerar é que nos diga que nós non nos movemos cando traemos aquí as cousas, ou porque nos las piden os veciños, ou porque nos



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

informamos antes e se eles nos din a nós que non é cousa deles, alguén lle teremos que reclamar. Se nos di que llas están reclamando, nós somos os primeiros en axudarlles a votar a favor do que vostedes pidan, se é certo que o teñen que amañar eles. Agora, desde logo, chegar aquí e dicir que nós non esiximos o que temos que esixir, perdoe, pero é que a ela a votaron os cidadáns de Ordes, non lle votaron os da Deputación, é que lle da igual quen este aí. Ela ten que defender os dereitos dos veciños de Ordes. Non ten nada máis que dicirlle.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que vostede si votou aos Deputados provinciais, Vostede

Intervén a Sra. Berdomás García, que responde que ela si. Igual que vostede aos seus, non.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que dicíalle que o mantemento faino o Concello de Ordes. Cando hai que barrer barre, cando hai calquera tipo de detalle mínimo, faino. Pero é que ali agora xa non hai detalles mínimos. Vale, e a vía non é nosa, a senda non é nosa. Está nunha estrada da Deputación. E o que está ali é unha auténtica desfeita, auténtica desfeita de moitísimo dano. Que teñen que ver as labores de mantemento ordinario, co que, realmente, a problemática que hai ali, agora en canto a perigo todo o demais. Quen veu o a balizar todo iso, viñeron eles.

Intervén a Sra. Berdomás García, que sinala que entón nos, desde o Partido Socialista de Ordres os apoiaremos cando lle reclamen o que lle teñan que reclamar.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que levamos ano e medio reclamando que o executen, ano e medio.

Intervén a Sra. Berdomás García, que sinala que pois nos agora tamén lle vamos a chamar, home. Pero non diga que non nos preocupamos, porque a nos se nos diga que non é cousa nosa, que non é cousa deles.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o que estana apuntando a tenente de alcalde, pregúntelle cantos informes da policía local teñen ali requirindo cada unha das necesidades que hai. Como moita das necesidades que hai na rúa Paraíso tamén, ao largo de todas as beirarrúas que temos na rúa Paraíso, desde o entronque na parte alta da rúa dos Lagartos ata chegar a esta propia senda. Os desperfectos están aí. Vostedes están continuamente esixindo as de titularidade municipal. Intentamos arranxalos canto antes. E aquí déuselle marxe de tempo, porque esta totalmente seguro que hai máis de ano e medio que xe fixo a primeiro notificación. E vostede que é coñecedora por que pasa por aí habitualmente, hai máis dun ano que colocaron ali os New Jersey protexendo as zonas de caída. Hai máis dun ano que viñeron a colocalas eles. Non o fixo ninguén do Concello. Entón, a realidade está aí. Agora non me pode falar que o que hai que facer son labores de mantemento. Aquelo xa clama a situación na que está. Vale, van os varrendeiros, fan as labores de mantemento de maneira cotiá e ordinaria do día a día. Iso si que é unha obriga do Concello unha vez que a obra se fa aí, nesta, nas da Xunta e en todas as demais. A titularidade sigue sendo deles, que non nos poden endosar a nosa titularidade nunha vía que é de eles. Temos que ser un pouquiño realistas con iso. Entender cando falamos de mantemento e cando falamos realmente de que ali agora esixe unha actuación importante de recuperación da senda para que poida ser operativa e segura para os veciños. Que creo que iso vamos a coincidir sempre que o máis necesario.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría de catorce votos a favor (9 grupo político PP, 5 grupo político BNG), coas abstencións (2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

- Aprobar a sinatura dun convenio de cooperación coa Deputación Provincial para a redacción dun proxecto básico de construción dun centro residencial de maiores co fin de elaborar o plan de viabilidade económica.
- Por a disposición da Deputación Provincial dos terreos necesarios (Parcelas catastrais A5, 76, 77, 78 e 79) para realizar as tomas de datos e estudos xeotécnicos necesarios para a redacción do citado proxecto básico”.

7. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 26 de outubro de 2023, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

8. MOCIÓNS.

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde-Presidente pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Intervén a Sra. Rivadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que formula a moción que se transcribe a continuación:

“A lei 7/2023, do 28 de marzo de protección dos dereitos e o benestar dos animais entrou en vigor o 29 de setembro do 2023.

O capítulo VI (art. 38-42) de dita lei está adicado exclusivamente ás colonias felinas co obxecto do seu control poboacional. Ao mesmo tempo contéplase a súa protección como animais de compañía. Aos seus efectos, será obrigatoria a identificación mediante microchip, rexistrada baixo a titularidade da administración local competente, e a esterilización cirúrxica de todos os gatos comunitarios.

Corresponde ás entidades locais a xestión destas colonias a cuxos efectos deberán desenvolver programas de xestión de colonias felinas que incluirán, polo menos, os seguintes aspectos:

1. Fomento da colaboración cidadá para o coidado dos gatos comunitarios regulando, a través das súas normativas municipais, os procedementos nos que se recollerán dereitos e obrigas das persoas cuidadoras das colonias felinas.

2. A administración local poderá colaborar con entidades de xestión de colonias felinas debidamente inscritas no rexistro de entidades de protección animal para a implantación e desenvolvemento dos programas de xestión de colonias felinas.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

3. A asunción por parte da entidade local da responsabilidade da atención sanitaria dos gatos comunitarios que así o requiran, contando sempre cos servizos dun/dunha profesional veterinario/a colexiado/a.

4. O establecemento de protocolos de actuación para casos de colonias felinas en ubicacións privadas de xeito que se poida realizar a súa xestión respectando as mesmas especificacións que na vía pública.

5. A implementación de campañas de formación e información á poboación sobre os programas de xestión de colonias felinas que se implanten no territorio municipal.

6. O establecemento de plans de control poboacional dos gatos comunitarios seguindo os seguintes criterios:

a) Mapeo e censo dos gatos do termo municipal para unha planificación e control nas esterilizacións acorde ao volume da poboación que se desexa controlar para que resulte eficiente e impida o aumento do número de animais.

b) Programas de esterilización dos gatos mediante a intervención dun/dunha veterinario/a habilitado/a para esta práctica incluíndo a marcaxe auricular.

c) Programa sanitario da colonia, suscrito e supervisado por un/unha profesional veterinario/a colexiado/a, incluíndo polo menos a desparasitación, vacinación e identificación obrigatoria mediante microchip con responsabilidade municipal.

d) Protocolos de xestión de conflitos veciñais.

7. Calquera outro previsto nos protocolos marco das comunidades autónomas ás que se pertenza debendo, en todo caso, elevar anualmente ás mesmas un informe estadístico respecto da implantación e evolución dos protocolos no seu municipio.

8. O municipio deberá contar cun lugar axeitado con espazo suficiente e acondicionado para a retirada temporal da súa colonia de gatos comunitarios en caso de necesidade.

9. As entidades locais deberán establecer mecanismos normativos e de vixilancia para levar a cabo o control e a sanción das persoas responsables de gatos que non os teñan debidamente identificados e esterilizados e, polo tanto, que non poñan as medidas necesarias para evitar a reprodución dos seus animais cos gatos comunitarios.

10. De acordo cos criterios que estableza a comunidade autónoma nos protocolos previstos no artigo 40 estableceranse os procedementos a realizar de forma que se eviten afeccións negativas sobre a biodiversidade dos exemplares que habitan nas mesmas.

No termo municipal de Ordes están identificadas, actualmente, 4 colonias de gatos ubicadas nos arredores dos seguintes lugares:

1. IES Maruxa Maio (Rúa As Casillas).
2. Cuartel da Garda Civil (Rúa República Arxentina).
3. Rúa Nova (números 38-46).
4. Campo da Feira.

Actualmente un grupo de persoas encárgase de manter e controlar ditas colonias. A súa actividade lévase a cabo de xeito altruísta e sen ánimo de lucro.

A pesares do citado anteriormente non contan co recoñecemento do goberno local. Debemos incidir no artigo 3 da citada lei que recoñece a figura do coidador/coidadora da colonia felina definíndoa como a persoa, debidamente autorizada, que atende os gatos



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

pertencentes a unha colonia, seguindo un método de xestión de colonias felinas sen que poida considerarse persoa titular ou responsable dos animais.

Lamentablemente estas persoas, que actúan de xeito totalmente desinteresado, teñen que soportar agresións verbais da veciñanza que non comparten a necesidade desa labor provocando diversos conflitos. Tampouco contan co apoio da administración local.

Polo que, o grupo municipal do PSdG-PSOE no Concello de Ordes quere someter a consideración do Pleno esta MOCIÓN, para que este adopte o seguinte **ACORDO**:

1. Fomentar a colaboración cidadá para o coidado dos gatos comunitarios e que se recoñeza a figura do coidador/a da colonia felina autorizando debidamente a estas persoas para desenvolver esa función.

2. Asumir as funcións ás que obriga a lei relacionadas co control sanitario e reprodución mediante:

- a atención sanitaria dos gatos comunitarios
- o establecemento de plans de control poboacional dos gatos comunitarios a través dun mapeo e censo, programas de esterilización e un programa sanitario das colonias.

3. Implementar campañas de formación e información á poboación dos programas de xestión das colonias felinas así como sensibilizar á sociedade para evitar conflitos interveciñais.”

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta foi rexeitada por maioría de nove votos a favor (grupo político PP), sete votos a favor (5 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, non procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de medioambiente, que explica o voto en contra da mocións, sinalando que en parte é porque realmente todo o que vostedes intentan acordar xa se está a xestionar. Explícalle. Como ven din, hai algunha colonia máis, non son catro, nin son seis. No pasado mes de xuño aprobouse na Xunta de Goberno Local o protocolo de xestión de colonias de gatos urbanos. Seguimos as indicacións dos técnicos e o persoal competente no tema. Estamos à espera de que nos concedan a axuda solicitada desde o mes de xullo para proceder co mapeo e cirurxías de ovario-histerectomía e orquiectomía. En canto á figura dos coidadores, está programada a reunión dos voluntarios a vindeira semana e en trámite o modelo. E dende aquí, tamén aproveitamos, como vostede dicía, para facer o chamamento para que calquera persoa voluntaria que queira formar parte do programa, que se achegue ao Departamento de Medio Ambiente do Concello. E por último, cree que todos estamos de acordo en que é moi fácil ditar leis esixindo os servicios e non dotar financiamento. Porque para unha administración como a de Ordes, serían un pouquiño bastante mais fácil.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que quere engadir unha cuestión, xa o acaba de comentar a tenente da alcalde. É evidente, que o que non podemos e legislar desde Madrid e despois cargar as competencias e os gastos aos fondos públicos e municipais, e non saber aínda cando vamos a recibir a financiación, porque non se sabe, non se sabe. Exactamente igual pasa a coa lei a dependencia, dez anos en vigor e seguen aportando única e exclusivamente o 30% cando hai que aportar o 50% e os que o están a pagar son os veciños e



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

a Administración Municipal, cando non ten competencia ningunha, e ten que estar autofinanciando todo isto. É resulta despois moi curioso, outro día na Asemblea da Fegamp, que o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista de Galego voten que en contra da emenda proposta polo Partido Popular para que o Goberno Central pague o 50% que eles mesmos aprobaron nunha lei durante o goberno do señor Zapatero. É realmente curioso. Que os representantes políticos municipais do Partido Socialista e do BNG estean en contra de que o goberno central aporte o 50% que está regulado na lei. É chamativo e, senón, miren a acta da Asemblea da constitución da Fegamp do pasado día quince. Para que vexan os representantes que temos.

Intervén o Sr. Candal Fariña, que sinala que aproveitar unha moción é despois falar dous, aproveitar a vosa quenda. Para ser democrático acepten a moción e despois a debatemos todos. Non aproveitar vos que tedes o mando. A el non lle parece.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que no estamos no noso dereito de utilizar as quendas como consideremos, eu como alcalde estou no meu dereito de utilizalos conforme ao regulamento, e vostedes se queren pedir a palabra el lla vai a dar, e vostedes poden expresarse. El escoitou esa é a realidade, e vostede opinará o que teña oportuno, pero, loxicamente, o plantexamento é así.

9. ROGOS E PREGUNTAS.

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde-Presidente abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:

- Varios/as veciños/as quéixanse do estado no que se atopan as rúas do Barrio do Paraíso. Como se pode apreciar nas imaxes as beirarrúas da Travesía do Ceidón atópanse nun estado lamentable de conservación. Ademais, existen farolas mal colocadas e sen lámpada que non cumpren a súa función

Solicitamos ao señor Alcalde: Que se realicen tarefas de mantemento para repoñer as farolas estragadas e reparar os desperfectos das beirarrúas.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que aquí son dúas cuestións distintas. Os desperfectos estes que hai nas beirarrúas do que foron a comprobar é pola entrada e saída de maquinarias dese solar que son os que provocaron os danos. Intentaremos reparalos. Pero é que aquí xa non só se romperan as beirarrúas, xa desapareceu parte do firme da entrada e saída continua nese punto, cando non está a nivel solar coa beirarrúa como deberá de estar. Sería unha cuestión que tiña que arranxar a propiedade, como tamén teñen que arranxar a entrada e saída dos vados os veciños cando están entrando e saíndo pola beirarrúa saíndo dos garaxes, é responsabilidade deles. En canto ao da farola, non se puido o que lle explicou a empresa, unha vez que lle preguntou por esta situación, é que unha vez que se fixo a reforma nesta vivenda e



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

que se executou o voladizo, agora non colle a bola debaixo e van intentar recolocala noutra ubicación en breve.

- A veciñanza de Sar presenta queixas polo mal estado do pavimento e os desniveis da pista que se amosa na fotografía.

Solicitamos ao señor Alcalde:

O amaño de dita pista.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o plan de rebacheo executarase cando o tempo o permita. Son cuestións das que hai de ir tomando nota. Polo que foi a comprobar o concelleiro delegado de obras no día de hoxe, en todo o vial que está cun firme de aglomerado do ano 2016, é a única zona que presenta un pequeno desperfecto nunha traza bastante importante donde non seu día se meteu o saneamento. Cando se actúe, si, vese perfectamente, cando se actúe, tratarase de emendar esta deficiencia. Agora mesmo, chovendo, non vamos a resolver absolutamente nada. Pero agrádese tamén que o poña en coñecemento.

- Na estrada que vai dende o Polígono Industrial de Merelle a Esmorís circulan os coches a elevada velocidade.

Solicitamos ao señor Alcalde:

A instalación dalgunha medida disuasoria.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que nestes casos sempre ten que ser baixo informe da policía local, o que solen pedir sempre os veciños son badéns, dada a anchura da vía, non se adapta á normativa, son inviables. Entón mirarán a ver se é posible facer algo, sen garantía ningunha, o máis probable é que non se poida facer ningún tipo de actuación que piden normalmente os veciños.

Intervén a Sra. Berdomás García, que sinala que a ela xa lle dixeron que se non se podía poñer badéns, pois que solicitar as bandas rugosas estas.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que estamos no mesmo, non ten ancho a vía, non cumpre. Normalmente esixen seis metros. Estamos falando dun vía que ten tres cincuenta, obstáculos aos lados e de diferentes consideracións.

- A veciñanza da Rúa Coruña amosou o seu malestar pola falta de limpeza do lugar. Algunha veciña xa se comunicou co Concello para que se procedese a limpar a gran cantidade de follas que se acumula co paso do tempo e a maleza que invade a beirarrúa. Aínda así, as tarefas de limpeza non foron efectivas nin suficientes presentando a rúa un aspecto descoidado.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Que se realicen tarefas de limpeza na Rúa Coruña.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de medio ambiente, que sinala que esta veciña supón que sería a mesma, comunicou ao concello o vinte e dous de agosto, déuselle traslado á empresa, e hoxe de novo volveu a dárselle traslado, antes de que foran os varrendeiros por ali. Ela foi ali, non estaba mal, non tiña aspecto de sucidade. O que ven sendo esta avaría da propiedade privada, xa están informados os propietarios para que procedan a limpeza. O que se vía máis sucio era a baixada cara a Fraga da Galiña. Había acumulación de follas, pasa a varredora, pero logo a media tarde pois xa volve a estar.

Intervén a Sra. Berdomás García, que sinala que o que pasa é que temos que ter en conta que como as follas é unha rúa de moito uso de xente maior, pois que esvara, é o medo que eles teñen.

Intervén a Sra. Ribadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:

- Por mor do temporal de vento dous postes quedaron partidos á metade na parroquia de Mercurín (43.1195826,-8.4259514).

A situación mantense co paso do tempo co risco de producir accidentes e afectar ao tendido telefónico.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Comunicar á entidade/empresa responsable a situación para resolvela coa maior brevidade posible.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que foi comunicado o trinta de outubro, xusto un día despois de que aparecesen rotos

- Veciños da Rúa Campo da Feira (Mesón do Vento) indican que retiraron unha farola á altura do número 2 sen ningún tipo de xustificación e non se repuxo. Isto provoca que sexa a única zona do lugar que se atopa sen alumeadado público.

Ademais, á súa retirada, deixouse un oco sen cubrir tal e como se pode ver na foto

Solicitamos ao señor Alcalde:

Que se repoña a farola no lugar indicado.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que isto que vostede acaba de dicir tampouco é correcto, para nada. Retiráronse todas as desa marxe porque se colocou unha instalación con báculos na outra marxe e hai iluminación suficiente de acordo a normativa e vixente. Non se retirou esa, retiráronse as de toda esa marxe, de toda esa beirarrúa. Si é certo que llo pediu tamén á empresa, igual que pasa con outro roubo, que xe tamén trae aquí o BNG, que non teñen aínda acometido os seus traballos de reposición das partes de baldosas e de tapar as arquetas. Hoxe volveu a insistir por terceira vez de que teñen que acabar de acometer esa reparación das zonas que deixaron sen tapar, incluso algún báculo antigo sen retirar. Pero neste caso non foi retirado este, retiráronse todos, teñen iluminación suficiente e xusto enfrente cun báculo de nove metros cando antes tiñan báculos de catro metros.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

- Usuarios do servizo de transporte escolar do IES Maruxa Maio manifestan que se forman longas colas á hora de saída do instituto (14:40 horas).

Os condutores dos autobuses atópanse con dificultades para incorporarse á N550 debido á gran cantidade de vehículos que circulan a esa hora.

Deste xeito deben agardar moito tempo ata que logran incorporarse á vía. Tamén manifestan que se teñen producido situacións perigosas pois os turismos adoitan circular a unha velocidade superior á estipulada.

Trátase dun problema que afecta ao alumnado, á empresa de autobuses e ás familias.

Os usuarios indican que se teñen dado tempos de espera superiores a 10 minutos.

Débese ter en conta que os luns as clases rematan ás 14:40 e se retoman ás 16:40.

Dándose esta situación algún alumno soamente dispón de 20 minutos para comer no seu domicilio. Estes casos danse naqueles domicilios máis afastados do núcleo urbano.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Se tomen medidas para regular o tráfico durante a saída dos autobuses facilitando a incorporación destes á N-550.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que simplemente todo o que di aquí parece bastante esaxerado dicir que só quedan vinte minutos, vale, pero parece esaxerado. É unha opinión tamén persoal en base à exposición de motivos que fai aquí. Daranlle traslado á Policía Local como xa se fixo no día de hoxe unha vez que presentan o rogo, e senón poden vostedes tamén chamar aos que están a disposición desde as 08.45 da mañá ata as 10:00 da noite os cinco días de semana en horario continuo. Isto é xa unha cuestión puntual. A Policía Local non só neste centro educativo senón en todos os demais fai o control de entrada e saída nos diferentes horarios que teñen, tanto nos IEs como nos CEPs. Poden para calquera tipo de incidencia ao respecto contactar con eles, incluso días de moitísima choiva, que ao mellor hai máis afluencia de vehículos, outras veces os alumnos van camiñando. Non teñan ningún problema en chamalos e contactar con eles. Déuselles traslado xa da situación, son cuestións que se melloraron moitísimo coa reordenación do tráfico que se fixo ali tamén á proposta da Policía Local no ano 2018., en canto as creacións de sentidos únicos e as zonas de estacionamento dos autobuses. Hoxe aquí seguen trasladando que sigue habendo un problema, téñenos a súa disposición para atallar calquera tipo de estas cuestións.

Intervén a Sra. Rivadas López, que sinala que simplemente mencionar que evidentemente non sabe se a cifra é exactamente esa, os vinte minutos, pero si que a verdade que son os alumnos que deixan de últimos, e a súa vez os que teñen que coller primeiro o autobús, entón evidentemente o tempo non é o desexable.

- Tal e como aparece na Exposición da Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia, as bibliotecas constitúen servizos culturais e informativos de máxima relevancia para unha sociedade avanzada. A través delas posibilitase o cumprimento de importantes mandatos constitucionais, como son o acceso de todos e todas á cultura, a participación da cidadanía na vida cultural e a conservación e promoción do patrimonio cultural do pobo galego dacordo con o artigo 46 da Constitución, do que o patrimonio bibliográfico forma parte.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

O Estatuto de autonomía de Galicia establece no seu artigo 32 que lle corresponde á Comunidade Autónoma a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego, e no 27.18 atribúelle á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva sobre as bibliotecas de interese da comunidade, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.28 da Constitución.

O artigo 3 do título Preliminar da mesma lei, define como Biblioteca ou servizos bibliotecarios a calquera organización, individual ou colectiva, resultante da estruturación dunha ou varias unidades que, a través dos procesos, dos medios técnicos e persoais e dos servizos axeitados, ten como misión a reunión, conservación, organización e difusión de documentos publicados ou creados para a súa difusión en calquera soporte e formato, coa finalidade de facilitar á cidadanía o acceso á cultura, a información, a investigación, a educación e o lecer contidos neses documentos. Definindo ademais ás bibliotecas de uso público xeral como aquelas bibliotecas abertas ao público que prestan a toda a comunidade un servizo de lectura e información sen máis restrición ao uso dos seus fondos e servizos que a que se derive da conservación e preservación dos fondos patrimoniais. As denominadas como «bibliotecas públicas» son sempre de uso público xeneral.

O Capítulo II no seu Artigo 19. Define a biblioteca pública (categoría na que se inclúe a BPM de Ordes) como un servizo público básico que ten como finalidade ofrecer á cidadanía, en condicións de igualdade, gratuidade e continuidade, o acceso a un conxunto organizado de fondos bibliográficos e recursos informativos que posibilitan a información, a educación e a cultura. No Artigo 20 da lei 5/2012 establece como funcións das bibliotecas públicas (entre outras):

- Poner ao dispor da cidadanía os seus fondos bibliográficos e recursos informativos de maneira libre e gratuíta, mediante a súa consulta en sala, en rede, ou mediante a súa préstamo nas súas diferentes modalidades.
- Con todo, por razóns de seguridade e conservación debidamente motivadas, poderá limitarse o acceso a unha parte deses fondos.
- Prestar os servizos básicos definidos como tales nos estándares internacionais e estatais en materia de bibliotecas. Con todo, os servizos bibliotecarios que impliquen un custo singularizado, tales como a reprografía, o préstamo interbibliotecario e o acceso ás bases de datos, poderán ser obxecto de prezo público nos termos previstos regulamentariamente.
- Atender as específicas necesidades culturais das persoas e grupos nos que se integren, promocionando a diversidade cultural e a atención ás variables de idade, sexo e discapacidade. Prestar un apoio activo específico á cultura e a lingua propias de Galicia.
- Desenvolver actividades de creación ou difusión cultural e de promoción da lectura.
- Recoller, manter e difundir unha colección de interese local e apoiar a creación cultural no seu territorio.
- Contribuír á creación dun espazo público de debate e educación social que posibilite a normal expresión das liberdades públicas e os dereitos fundamentais das persoas.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

- Colaborar na elaboración e actualización permanente do Catálogo colectivo do patrimonio bibliográfico de Galicia, así como de outros posibles instrumentos de acceso común á información bibliográfica o acceso ao documento.
- Entre as obrigacións das persoas titulares ou, no seu caso, xestoras das bibliotecas públicas integradas na rede (artigo 21.1) está dotalas das instalacións, o equipamento, o mobiliario, os fondos, o persoal e os orzamentos necesarios para o cumprimento eficaz das súas funcións e a satisfacción dos dereitos das persoas usuarias. Para ese efecto, gozarán de autonomía para fixar a estrutura orgánica e funcional máis adecuada a fin de satisfacer as súas necesidades, nos termos previstos neste título.

É no Artigo 23.1 onde se establecen os dereitos das persoas usuarias entre outros:

1. Usar de maneira gratuíta os servizos básicos da biblioteca, sen prexuízo do establecido na lexislación vixente sobre propiedade intelectual.
2. Dispoñer de materiais e servizos adaptados a colectivos con discapacidades ou necesidades especiais.
3. Ter un horario mínimo de prestación do servizo, que se determinará a través do Mapa de bibliotecas públicas de Galicia para cada tipo de biblioteca.
4. Gozar de actividades de animación á lectura nas instalacións dispostas para o efecto”.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de educación, que sinala que non é certo que só existira unha persoa contratada, vai matizar. Contratadas estaban tres, o que pasa é que había dúas persoas que estaban de baixa, e a verdade que dende a reforma laboral o proceso de substitución das persoas de baixa tarda máis que moitas veces a baixa das persoas. Entón, se efectivamente, despois do verán, que no verán soamente hai atención de mañá, si tiveron unha problemática que xa fai unha semana, que se solucionou, co cal non foron tantos meses, pero que efectivamente alterou o uso óptimo da biblioteca. Si é certo tamén, vostedes falan das persoas usuarias da comunidade educativa, pero é que non só a comunidade educativa, ese é o problema. O persoal da biblioteca non so fai préstamo e recollida. Entón estiveron mais ou menos tratando de, durante ese tempo equilibrar donde había as necesidades. Por iso, houbo un par de meses nos que bailaron un pouco os horarios dependendo das necesidades do servizo. Ven, en canto a accesibilidade, vamos ver, época dixital, todo é a administración electrónica, temos que acostumarnos, o óptimo é que cando están eles ali evidentemente non vai haber problema de acceso. E despois a sala polas noites, por exemplo, utilízase máis como sala de estudo. Evidentemente, sigue sendo sala de consulta, sala de devolución, porque hai ocasión de devolución, non encontramos alternativa moito máis fácil. Efectivamente, ao ser electrónica, que vaia a fallar de vez en cando, pois fallounos un par de veces, pero solucionouse rápido a situación. E tomaremos en conta, o que pasa é que puxemos un pouco o tema da biblioteca, porque como ao haber tamén o acceso ao final ás consultas, os préstamos, pódense se solicitar online, pódese facer consulta, non é so tampouco, é un híbrido, non é so tampouco sala de estudo, pero pódese facer unha reconfiguración da publicidade.

Intervén o Sr. Villaverde Rey, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

- O ximnasio da piscina municipal presenta varias deficiencias que provocan o malestar da veciñanza usuaria deste servizo.

Entre elas, a ausencia dun monitor ou monitora de ximnasio a maior parte do tempo. Segundo o horario publicado no tablón do local, as usuarias do ximnasio só contan con monitor ou monitora o 7,32% do tempo que está aberto o ximnasio, tendo en conta que a xente é desaloxada 30 min antes da hora de peche. Unha franxa horaria realmente raquítica. Tamén cómpre salientar que algún día só está 40 minutos, supoñendo isto un grave prexuízo para as persoas que necesiten deste servizo para seren asesoradas.

Ademais, o estado dalgunhas máquinas, debido ao paso do tempo, xa non é o axeitado, quedando moitas delas obsoletas e por suposto, insuficientes. Tendo en conta que “coma centro dunha comarca formada por este e outros concellos (Cerceda, Frades, Mesía, Oroso, Tordoia e Trazo), fan uso dos servizos deste complexo deportivo, non só os habitantes de Ordes, senón tamén as persoas dos concello limítrofes mencionados con anterioridade”, non se comprende que os e as ordenses se vexan obrigados a desprazarse a outros concellos a acudir ao ximnasio para poder ter máquinas suficientes e non interrompir os adestramentos por falta delas.

Outro punto é o horario. Non se concibe nun ximnasio en Ordes, cabeza de comarca, que peche 2 horas e media pola tarde. Poida que sexa o horario que moita xente ten para ir, e que debido a isto, se teña que desprazar fóra do noso concello. Sumado a esta restrición de horario, a instalación tamén pecha no mes de agosto, obrigando unha vez máis á xente que si que é usuaria do ximnasio, ter que pagar a matrícula noutro ximnasio doutro concello para ir tan só un mes.

Ás persoas non abonadas, non se lle permite o pago con tarxeta da entrada diaria (de 4 euros) por entrar, algo a priori incomprendible, xa que si que se conta cun datáfono para poder realizar estas operacións. A maiores, non se indica en ningún punto da entrada nin da recepción que haxa importe mínimo de transacción.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

- A que se aumente o horario no que estea un monitor ou monitora no ximnasio.
- Renovar e reparar as máquinas do ximnasio.
- Ampliar o ximnasio existente ou construír un novo con amplo espazo para realizar todas as actividades físicas necesarias para un correcto funcionamento do ximnasio.
- A permitir o pago con tarxeta da entrada diaria.
- A aumentar o horario da instalación, sen que peche pola tarde.
- A evitar que a instalación peche no mes de agosto.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de deportes, que sinala que será posible que aumente o tempo no que estea o persoal no ximnasio cando se incorpore o persoal que temos de baixa ou en diferentes permisos. No tempo no que pecha, non pecha polo medio da tarde, pecha no horario de medio día. Nese tempo é o que temos para facer a limpeza. Non sería moi lóxico que estivera o persoal de limpeza cando a xente está practicando o exercicio. Renovar e reparar as máquinas do ximnasio, do mantemento encárgase o persoal contratado para elo e tamén se intentan renovar as máquinas todos os anos, cómpranse un ou dúas, así como tamén a compra de material. De feito, estamos pendentes que no próximo mes de xaneiro nos entreguen dúas. A permitir o pago con tarxeta na entrada diaria o problema que temos é que está en trámite de solución coa app para pagar. Evitar que a instalación peche no mes de agosto é o tempo no que temos para facer o mantemento da piscina. E logo, vostede fai mención a usuarios que teñen que pagar a matrícula noutro ximnasio doutro concello,



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

entendo que non é un ximnasio municipal, que serán ximnasios privados. O ximnasio que temos na piscina, xa sabemos, somos conscientes das carencias que ten, da falta de espazo, que moitísimas veces se queda pequeno, pero a día de hoxe é dos máis grandes que hai.

Intervén o Sr. Villarderrey, que sinala que o problema é que estamos nun punto xa de decepción da veciñanza. A xente xa non protesta, a xente marcha. Non se pelexa xa por intentar vir a este ximnasio. Despois, con respecto a limpar, poden ir comprobar a calquera ximnasio, que sempre se aproveitan as horas de menos afluencia. Vendo as horas de menos afluencia do ximnasio, límpase mentres está a xente. Se unha persoa está facendo calquera tipo de exercicio en dous metros cadrados ou no que ocupa unha persoa, límpase noutro. O tema de pagar con tarxeta non lle entendeu porque non se pode pagar catro horas.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, que sinala que é porque vai por diferentes programas. Dixo app, pero é un programa informático. O pago dos cursos vai por un programa e o datáfono leva outro programa para a xestión diaria que ese é o que está en trámite. O persoal informático é o que sabemos que está en trámite.

Intervén o Sr. Villarderrey, que sinala que o tema de pechar en Agosto alegan que é polo mantemento da piscina. Non está falando da piscina, esta falando do ximnasio.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que é por normativa, pode mirala donde queira, non se pode ter aberto. Ao final pechar quince ou vinte días estamos exactamente no mesmo problema, non pode estar. Xa se debateu aquí múltiples ocasións. Vimos aquí con algo que é reiterativo. Hai que facer un baleirado da piscina e un mantemento de sistema de climatización e de moitísimos outros sistemas dentro da instalación que son de obrigado cumprimento e é necesario pechar a piscina totalmente. E que temos que pensar que a piscina e un inmobile que foi concebido como piscina. E o que se lle meteu ali como ximnasio foi unha adición nun patio. E ao mellor non está no lugar axeitado. Cando o fixeron tampouco tiñan outro sistema de equipamentos a nivel municipal onde poder facer este tipo de adaptación. Veremos agora nos vindeiros anos, unha vez que se poida desenvolver o plan xeral, que o que podemos ir facendo se conseguimos financiación. O que se meteu, como tantas salas de actividades, como o ximnasio foi unha adición que se fixeron a posteriori e que se están superando, están no límite agora mesmo da edificabilidade que permita a parcela.

Intervén o Sr. Villarderrey, que sinala que efectivamente, como din antes construír un novo canto antes sexa posible. Porque ademais de que teña as dimensións pertinentes. Se imos aos datos non sabe cantos abonados hai, pero antes da pandemia había moitos mais. Aínda con máis razón, non, menos espazo aínda para máis xente. Entendo o que din, pero o que non entende, nin entendo a xente é que levamos así moitísimos anos. Parece que, non sabe, que non digo que non se faga nada, pero non se ve. Nós seremos o partido do non polo non, pero vostedes parecen que son o partido da escusa pola escusa. Nós non o entendemos. E non é que non o entendamos nos persoalmente. Non o entende a veciñanza. Vostedes saben.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que cree que o vostede se arroga o nome da veciñanza sen ter dereito ningún porque despois os resultados están aí á vista. Non é escusa por escusa. Explicáronse todos e cada un dos motivos de toda a situación que se deu sempre en todas e cada unha das instalacións públicas. Gustará máis ou gustará menos. E farase o que se poda. Os recursos sempre foron limitados. Nesta e en todas e cada unha das administracións. A vista está que incluso que levou isto cunha xestión privada acabou pechando. Por algo será. Por algo será a problemática que conleva todo isto. Que hai que intentar facer un esforzo para telo con carácter público, si, pero o que non se pode pensar en seguir isto con carácter público cunha cota de trinta e tres euros/mes. Hai que tamén que analizar iso. Entón, cando trasladen unha cuestión, sexan tamén valentes de ser capaz de trasladar tamén toda a situación do que conleva. Porque despois xe queremos ir a instalacións, que antes facían moitísima referencia de grandes instalacións en Logroño, Valencia, Santiago e demais, páganse 60, 70, 80 euros ao



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

mes de matrícula, máis de poder ir ás actividades, e podes ter moitísimas outras máquinas, moitísimos servizos, monitor 24 horas, e cantidade de cousas. Vale, pero aquela instalación está pensada para o que está. É algo que no seu momento creo que fixeron un esforzo importante para poder facer as dúas salas de seco e facer unha sala ali intermedia na zona de patio para poder ter un pequeno ximnasio. Foi un avance moi importante, non só para o ordes son para toda a comarca. Os ximnacios públicos que teñen calquera dos concellos de nosa comarca son a terceira parte ou a cuarta parte do que hai nesta piscina municipal de Ordes. Por lo tanto, está moi ben, pero tamén sepamos recoñecer o que temos aquí e non teñen noutros lugares. Sexamos capaces de recoñecelo. Claro que somos coñecedores, tanto ou máis que vostedes, pero non se arrogue vostede a exclusividade da veciñanza. Tamén falan con nós, non só con vostedes, e incluso o grupo político.

Intervén o Sr. Candal Fariña, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- Nas beirarrúas do Mesón do Vento, pódense atopar buratos correspondentes ás canalizacións eléctricas que alimentaban o anterior alumeadado público, antes de que se procedese coa súa substitución

Trátase de obstáculos que poden xerar diversos riscos á veciñanza que transita polas beirarrúas (tropezos, caídas, escordaduras, dificultades para carriños...), e que facilmente poden evitarse tapando os citados buratos cunha pequena intervención de albanelería. Ademais, nalgunhas zonas non foron retirados os anteriores farois, a pesares de que xa non están a funcionar.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A proceder:

- Coa retirada dos antigos farois que na actualidade se atopan fora de servizo.
- Co tapado dos buratos citados no presente rogo, para evitar os riscos expostos.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que lle resulta preocupante e chamativo que non saiba porque esa farola estivo hai moi pouquiños días ali, porque estaba ali o paso de peóns luminosos de Fomento, e ata que o trasladaron eles, lóxicamente, non se pode retirar a farola. Que facemos, andamos eliminando elementos de Fomento mentres eles non fagan o traslado. Se tardan moitas semanas ou moitos meses en facelo, a verdade é que hasta ese momento non se pode actuar. Si é certo que non foron dilixentes á hora de tapar os buratos, pero en cantas ás farolas que tiveron que estar de pé, vostede sabe perfectamente que están a altura do paso de peóns e que estaban soportando unha sinal luminosa de fomento que estaba dando un servizo. E vostede, se tanto presume de andar paseando polo Mesón de arriba para baixo sabe que hai pouco tempo que a sacaron. Sexa un pouquiño consecvente, que debería saber exactamente porque estaban as farolas ali. E agora mesmo, lóxicamente, hai que proceder a súa retirada unha vez que a instalación xa está trasladada ao novo báculo. E vaixe a facer. Tan pronto poidan, vaixe a facer estes días. A verdade é que teñen bastante traballo en relación con toda a cuestión do alumeadado de Nadal, non só neste Concello, senón nos demais. Non é unha cousa extremadamente urxente. Pero volveullo a trasladar. Xa lle dixen antes tamén a compañeira do Partido Socialista. Xa nos lle pedimos en dúas ocasións que tiñan que tapar estes buratos. Hoxe pediúselle por terceira vez. O teñen que facer, pero en relación a estes dos báculos que quedaron ali, tiñan un motivo e tiñan un motivo lóxico e xustificado. E lóxicamente, agora teñen que proceder a súa retirada e tamén a tapar o burato correspondente e deixar a canalización nas óptimas condicións.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Candal Fariña, que sinala que claro que no seu momento alumeaban e non se podían quitar, pero é que agora xa non fan falta e hai que quitalas. E xa hai uns días que máis de días que están así, entón, pa que ali. Non lle dixo nada, simplemente que as quitaran. Os buratos si, levan mes e anos.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- No acceso ao paseo Ramiro Recouso Liste, a carón do Muíño do Campo da Feira, existe unha prancha metálica disposta a modo de pasarela de paso sobre a canle que levaba auga ata o citado Muíño. Trátase dun elemento que dificilmente acada un mínimo nivel de integración na zona, nin oferta unhas axeitadas condicións de seguridade para a veciñanza que transita pola zona (posibilidade de esvarar, ausencia de varandas, ... etc.).

Creemos que resultaría mais atinado ampliar o paso existente a carón do Muíño, cubrindo un pouco mais a canle existente, a cal lembramos que é unha canle artificial, a efectos de tramitar a correspondente autorización ante augas de Galicia.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A levar a cabo as actuacións precisas para mellorar o acceso ao paseo Ramiro Recouso Liste nas inmediacións do Muíño do Campo da Feira, mellorando a situación actual (prancha metálica sen varandas).

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se toma en consideración.

- No presente ano, procedeuse coa pavimentación e ampliación da pista principal de Bean, entre os núcleos de Vilasuso e A Igrexa, na parroquia de Bean. A finais do mes de outubro, puido comprobarse que no núcleo de Vilasuso, as cunetas non funcionan axeitadamente, tal e como pode apreciarse na fotografía que se achega.

Esta situación xerou asolagamentos na zona, co correspondente risco para a circulación dos vehículos, ademais de producir inundacións en diversos inmobles da zona.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A acometer na zona, as actuacións precisas para que as cunetas fagan a súa función, recollendo e evacuando as augas pluviais, evitando que estes episodios volvan a repetirse.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que é coñecedor que aquí o que se deu foi un arrastre de terras de laboreo de fincas, obstaculizaron os tubos e limpáronse ao día seguinte. Está perfectamente funcionando o sistema de pluviais na zona.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que polo teñen comentado, non ao día seguinte, pero aos dous días despois, non con tanta intensidade, pero que volverá a repetir. Segundo lle trasladan os veciños, que igual nesa zona, debería entubarse o lado esquerdo subindo cara a zona da Igrexa, para garantir que as augas corran mellor. Estúdeno para ver se pode ser unha medida efectiva.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa lle responde agora mesmo, se plantexan entubarse, dille non. O que hai que facer é unha cuneta aberta. Todo o que entubemos o único que fai é crear máis tapóns, máis en zonas de laboreo. Aí é totalmente contraditorio con todo o que acaba de dicir coa problemática que pode darse alí. En todo o caso, se lle día que hai que intentar ver unha cuneta transitible para que as terras non provoquen este tipo de atascamentos. Como tamén nos suceden noutros punto do termo municipal. Casos como este dentro do termo municipal, cinco ou seis, dous moi preocupantes, moitísimo máis incluso que este. Estase traballando neles. Pero a solución nunca entubar, nunca.

- No ano 2022, sacáronse a licitación as obras para a construción dunha senda peonil para unir o Mesón do Vento co núcleo do Seixo, mais o certo é que a senda peonil perde todo sentido cando morre no cruce da pista que une o Mesón do Vento con Buscás, sen que chegue a producirse un entronque con outras beirarrúas, deixando un tramo duns 300 m de lonxitude sen dispoñer de ningún tipo de itinerario peonil.

Veciñanza do Mesón do Vento, ten trasladado a este grupo municipal, a necesidade de rematar a senda ata a N-550.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A levar a cabo os trámites precisos para prolongar a citada senda peonil ata chegar á N-550, conectando deste xeito coas beirarrúas existentes no casco urbano do Mesón do Vento.

Se por calquera razón, non fose posible proceder coa execución da senda peonil no tramo exposto, valorar cando menos acometer a construción dunha cuneta transitible, como xa se ten feito noutros espazos do casco urbano do noso concello.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que isto xa foi falado no seu momento. Vostede sabe perfectamente que aí non se pode facer a senda peonil e non se pode urbanizar porque estamos a falar do sol urbano non consolidado. Incluso vostede non seu día cuestionou porque se facía tamén un tramo no solo urbano non consolidado no remate da senda. Explicouse que porque ali si había a dispoñibilidade dos terreos porque o deixou a propia concentración parcelaria e polo tanto os técnicos municipais puideron informar favorable que se puidera chegar a este punto do cruce do desvío de Buscas. De aí para arriba non existe tal dispoñibilidade e todo propiedade privada, é certo que hai vontade por parte do propietario, son negociacións que xa leva facendo este grupo de goberno, especialmente o concelleiro de obras desde fai tempo para intentar buscar unha solución efectiva. Para nada se pode facer a actuación que vostede propón aquí porque vai totalmente en contra das normas, en ningún caso se pode plantexar unha senda peonil, nin moitos dos plantexamentos que vostede hoxe trasladou neste sentido. Cos informes favorables oportunos correspondentes se non hai novidades pensa que antes de que remate o ano poderase estaquillar cal é a alineación futura da propiedade en canto ao desenvolvemento do solo urbano consolidado que se non se equivoca son seis metros dende o eixo do vial que hai actualmente que vai cara ao Seixo e a partir de aí pediremos os informes correspondentes à asistencia técnico-urbanística municipal e veremos que tipo de actuación podemos acometer ali. É unha negociación que fai moitísimo tempo que ten iniciada o concelleiro de obras e que se vai poder levar a cabo. Pero non tratamos de confundir á xente con que se vai facer unha senda peonil, unha cuneta transitible deste estilo, cando non é viable. Está cambiando terreos de dispoñibilidade pública con terreos privados, donde quen ten que facer a urbanización e acometela de maneira futura, de maneira estrutural, de acordo á normativa vixente tanto a Lei do Solo como o que recolle o propio Plan xeral de ordenación municipal, teñen que ser os propios propietarios privados. Diso é perfectamente coñecedor. Non podemos investir para nada o diñeiro público na propiedade privada con este



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

tipo de acabados. Que buscaremos unha solución lóxica, razoable, legal e formal, que hai avance nas negociacións cada propiedade é o que eu pode adiantar a día de hoxe. E que posiblemente este destaquillado antes do remate do presente ano 2023 e que despois veremos a ver como podemos actuar ali dunha maneira sensata que sexa produtiva e aproveitable por todos os veciños.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que se propuxeron a senda é porque efecivamente no tramo onde morre precisamente onde se encontra coa estrada de Buscas hai un tramo que era urbano e que se fixe desesa maneira. Se no caso de haber unha cesión anticipada deses terreos para poder facer o resto da senda. Se non é posible, a través desesa senda, polo menos, tamén ten a obriga de urbanizar este solar aquí da Prolongación da rúa dos Lagartos, onde se fixa a cuneta transitible, polo menos, que se faga.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que hay que aclarar sempre que en propiedade pública, en terreos que eran da antiga Xunta de Galicia é que na permuta co estrada de Mercurín cedeu a titularidade municipal. En ningún momento se tocou a propiedade particular. Ali forzosamente hai que tocar a propiedade particular que está inscrita a nome dese propietario. Esta poñendo un exemplo do tema da Prolongación dos Lagartos que non se pode trasladar ali.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que ver se se implementa a través da cesión como medida para protección, porque ese vial existe desde fai moitísimos anos, como protección dos viandantes e precisamente se se fai unha senda para que vaian teóricamente os peregrinos ou calquera outro veciño do noso Concello e que morra ali tampouco ten moito sentido que vaia polo asfalto ata as veiras do Mesón. Simplemente facer o que se poida, esa cuneta transitible para que as pluviais corran por onde teñen que correr e ao mesmo tempo a xente poida circular por elas.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a solución non vai ser a que vostede trae aquí porque non encaixa formalmente. Faremos o que se poida facer desde un punto de vista de ter un informe favorable nunha propiedade privada que pertence a un particular e que ten inscrita ao seu nome no rexistro da propiedade. E así se adoptará. Lévese traballando moitísimo tempo e esa solución vai a intentar levarse adiante canto antes se poida. Non hoxe porque vostede a plantexa aquí senón porque se leva traballando desde o grupo de goberno nisto. Pero a solución que vostede propón non é viable.

- O pasado 29 de marzo de 2023, saíu publicada no BOE a Lei 7/2023, do 28 de marzo, de protección dos dereitos e o benestar dos animais, que no seu capítulo VI, establece que a xestión dos gatos comunitarios corresponde ás entidades locais, debendo desenrolar programas de xestión de colonias felinas.

O primeiro paso, resulta evidente que sería levar a cabo o mapeo das colonias felinas existentes, así como do censo de gatos que dispoñen, coñecendo deste xeito cal é o volume real da poboación que se desexa controlar, para a continuación, proceder con actuacións encamiñadas á esterilización dos gatos coa intervención de persoal veterinario habilitado.

Cómpre actuar o mais axiña posible, xa que coa esterilización evitárase que se produza un aumento exponencial da poboación nas colonias, resultando mais sinxelo controlalas.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

MEDIDAS DE CARÁCTER MAIS URXENTE:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

A proceder axiña, co mapeo das colonias felinas existentes no casco urbano de Ordes, elaborando un censo dos gatos existentes nas mesmas.

A proceder coa esterilización dos gatos de ditas colonias felinas, por parte de persoal veterinario habilitado para dita práctica, o mais axiña posible.

Habilitar a persoas voluntarias para que se encarguen de xestionar as colonias, informando á policía e á veciñanza de tal circunstancia.

OUTRAS MEDIDAS NECESARIAS:

Negociación con propietarios/as de bens inmoables nas colonias, autorización para colocar casetas para dispor de zonas de abrigo, garantindo o dereito por parte da propiedade a retiralas cando sexa preciso.

Habilitar instalacións para a cura e coretena dos gatos das colonias felinas.

Levar a cabo campañas informativas á veciñanza sobre as colonias felinas e a súa xestión

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de medio ambiente, que sinala que na moción do PSdeG-PSOE contestoulle á compañeira motivando o sentido da non urxencia, do voto en contra da non urxencia. Estamos traballando niso. Conforme lle contestou que temos xa o protocolo, estamos á espera de se nos conceden a axuda para comezar co mapeo e o censo e xa proceder á esterilización e o logo co grupo de voluntarios.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que descoñece ata que punto costa o mapeo das colonias. Para iniciar, para non deixar que a cousa se dilate, que ao mellor empecemos a actuar xa tarde, quizais falar. Pensa que sabemos todo o mundo as persoas que máis ou menos están a día de hoxe atendendo este tipo de colonias, pois igual un rexistro precario, falemos así, inicial, para que despois se poida aumentar con ese mapeo e empezar a actuar dentro do que se poida nesas colonias esterilizando o máximo posible. Más que nada porque é o que falamos, se deixamos que se dispare exponencialmente, despois vai ser máis difícil.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, que sinala que disparando xa se leva durante toda a vida. Pero si se vai proceder en canto teña o grupo de voluntarios, pois despois xa se ve o persoal veterinario co que xa se falará para empezar a facer as esterilizacións. As colonias máis ou menos xa están sendo controladas, sabemos o número que hai, non chegamos exactamente a saber o número de gatos que hai en cada unha, pero temos unha idea, unha idea bastante axustada. E agora se me deixe a consultar un dato, coméntalle que hai 13 colonias a día de hoxe que saibamos, e unha media de 10, 12 individuos en cada unha.

Intervén o Sr. Alcalde, que insiste no mesmo. É moi importante cando reclamen este tipo de cuestións, que teñan a ben que quén legisla, que dote de recursos económicos para que estas medidas se poidan levar a cabo. Poñelo no papel é moi bonito, pero despois se fai a conta dos recursos dos demais. Iso non é para nada xusto.

- No pasado pleno ordinario do mes de outubro, desde o BNG demandabamos ao goberno municipal “actuar para solucionar definitivamente os problemas de condensación que adoitan producirse coa chegada do inverno e as baixas temperaturas nos pavillóns Castelao II, Campomaior e Mesón do Vento”.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Pola contra, a resposta do alcalde foi que os problemas de condensación no pavillón Castelao II derivaban de non ter posto “a extracción a funcionar”, afirmando que de tela posto “non houbera habido problema”.

Os problemas de condensación nestas instalacións, que xa fixeran aparición novamente a finais de outubro, volveron a facerse patentes durante varios días neste mes de novembro, co sistema de ventilación en funcionamento, chegando a ter que suspender adestramentos, escolas deportivas, e mesmo competicións oficiais, con clubs que fixeron a súa viaxe ata Ordes e atopáronse coa suspensión da competición polo mal estado da pista.

Polo tanto seguimos a falar dun problema que persiste no tempo, e que a pesares de levar a cabo diversas intervencións no pavillón, amparadas no criterio duns técnicos, que segundo manifestou alcalde no pasado pleno ordinario de outubro, “entenden disto e que levan feito moitísimos”.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A actuar para solucionar definitivamente os problemas de condensación que adoitan producirse entre os meses de outubro e febreiro nos pavillóns Castelao II, Campomaioir e Mesón do Vento.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que aproveitando que volve outra vez con isto, que é reincidente. Si ten que aclarar que no seu día fíxose a consulta e nos comentaron que naquela xornada do mes do outubro non se había acendido a extracción e si se había acendido a extracción pola mañá. Non quero dicir que despois estivera todo o tempo, non sabe o horario de funcionamento exacto. Pero si acalaralo, porque a información que se nos deu inicial era que en ese día non se había acendido. Despois tiveron coñecemento de que parte do horario pola mañá estivo acendida, unha vez que se detectaron problemas, como ve xa cando chegan á instalación á primeira hora da mañá e xa hai esas típicas gotas de condensación nas ventanas xa sen entrar no interior da instalación. Simplemente para aclarar iso para que non haxa malos entendidos ao respecto. En relación ao demais, manifestoullo no seu momento e llo sigue dicindo a día de hoxe. Cando se plantexou este proxecto, os informes técnicos defendéronse aquí, é certo que quen fixo a instalación aquí, fixo instalacións como esta en moitísimos outros pavillóns de Galicia e moitos lugares. Non esta para nada escapando da realidade porque é así. Que non é o resultado desexable e axeitado que nos gustaría para a instalación do pavillón Castelao II. Certo, non o van a negar porque é evidente que aí están os resultados. Pero non só pasa aquí. Vai a poñerlle exemplos de ese fin de semana do 11 e do 12 de novembro do ano 2023 e do 13, venres, sábado e do domingo. Na propia competición a que vostede fai referencia, unha única competición que neste caso analizar, tres suspensións de oito partidos nesa xornada, a de Ordes e dúas mais dentro da Liga Autonómica Norte. No cal non hai xustificación, problema aquí e problema nos outros moitos lugares. Pero non so iso, Santiago, a Coruña. A Coruña no San Francisco Javier, competición nacional de balonmán, nn de Cocheras e do Vventorrillo de fútbol sala, en Riazor, do basquet de Coruña, en Riazor que ten tarima elevada e ventilada, que tanto vostede fala, e tamén tiveron que suspender o partido. Referímonos ás hemerotecas por un problema grave de condensación pola situación climatolóxica adversa que se deu ese día. Pero tamén aconteceu en Carballo, en Noia, en Vimianzo, en Mugardos, todos ese mesmo fin de semana, na comarca, en absolutamente todos. Absolutamente todos, porque houbo reunión da Mancomunidade eses días e todos estábamos co mesmo problema. Convidárono ese día a estar tamén coa xente da Mancomunidade logo da celebración do pleno e todos tiñan ese mesmo problema o luns seguinte a que foi ese fin de semana nefasto encanto as situacións de temperatura, situacións de humidade e de mais. Dito isto, si é certo que hai que traballar e hai que conseguir financiación para conseguir arranxar os problemas de humidade no Castelao II, en



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Campomaioir que son algo menores. Que se mellorou algo coa ventilación forzada, si. Que non é o desexado aínda, certo tamén, non lle vai a negar o que é evidente, pero aquí traballouse, trabállase, ali conseguíuse unha financiación no seu momento para facer unha actuación e que hai que seguir facendo cousas, pero este sistema de ventilación forzada está instalado en múltiples pavillóns. Agora mesmo estas tendo unha situación paralela, tamén traballando con deshumidificadores que lles deixaron a nivel industrial unha empresa de aquí de xeito totalmente desinteresado. En función da dispoñibilidade de financiación e dos recursos, seguiranse facendo melloras. Fixéronse melloras importantes en Campomaioir. O feito de haber feito parte da fachada transventilada en Campomaioir, na fachada sur, que era a que máis problemas xeraba no seu momento, mellorou. Non está a totalidade completa da envolvente do edificio, como non sucede neste pavillón, non sucede no Mesón do Vento Pero no Mesón do Vento tamén se mellorou moitísimo. Sobre todo no Mesón do Vento, tamén hai unha implicación moi importante por parte da comunidade educativa en canto ao cambio de calzado cada vez que entran na instalación. Que oxalá puidéramos facer en todas e cada unha das instalacións e que sempre recomendamos, pero loxicamente nos non podemos impoñer esas medidas tanto para a parte da comunidade educativa como para a parte dos clubs cando vaian a facer deporte. Hai clubs que o poden facer, outros que o teñen máis complicado e demais. Insistindo niso, deulle moitísimos exemplos, todas as obras que se fixeron foi sempre coa intención de mellorar, que aquí aínda non estamos no resultado óptimo e que se deron este tipo de circunstancias, si. Aquí, en grandes cidades, noutros concellos de diferentes cores políticas e que foi un fin de semana pois moi nefasto desde o punto de vista de ter que suspender moitas competicións deportivas en múltiples concellos. Esta seguro que neste caso da comunidade, pero tamén en outros moitos lugares. Simplemente entrar en Google, poñer ese fin de semana problemas de condensación en pavillóns, o mesmo que buscou e incluso despois de haber falado tamén cos da comarca pode ter o mesmo acceso aos datos que lle acaba de dar, que os pode ver vostede de aí. Certo que hai que seguir traballando nisto, temos que sumarnos todos e se ten algunha proposta, que xa vostede avanzou nela, no seu día, insista nela, non hai ningún tipo de problema. Se incluso se consegue financiación ou axudar coa cofinanciación, pois moitísimo mellor.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que celebra que polo menos se recoñeza que hai un problema. Non é o que buscan aquí, a xente di que hai un problema. Para buscar a solución primeiro.

Intervén o Sr. Alcalde, que afirma que nunca se negou.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que no pleno anterior si que se negou. En diversas ocasións. Díxose que había unha extracción, que non é extracción, que é impulsión de aire que mete o aire de fora para dentro, sen ningún tipo de tratamento, e que si estivera en funcionamento, que non habería ningún problema de ningún tipo e tal. A ver, é igual, o tema é importante, que se arregle e que se busque unha solución. Certo, no seu día, propuxeron a pista elevada, porque entenden que preto, moi preto hai outro pavillón que a ten e que non dispón dese tipo de problemas. Haberá que estudalo, non sabe, haberá que miralo ben e facer as intervencións necesarias para evitar que estes problemas se reproduce. Pero alégrase, que o primeiro paso, por lo menos, sexa recoñecer que teñen en Ordes ese problema, tanto do goberno, como de todos os veciños e veciñas, e que tentemos de buscar solucións para intentar mellorar e que non volva a suceder, que haxa que suspender actividades nos pavillóns porque a pista está impracticable.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que llo reitera, en Ordes, en toda a comarca, en cantidade de concellos que xe mencionou aquí, e que se ratifica que sucedeu así ese fin de semana e outros moitos cando xe dan situacións como esta. Ecosistema, que ao mellor as veces non utilizamos a palabra correcta. O que se instalou é un sistema de ventilación forzada. A veces, lle chamamos extracción. Si é certo que despois hai un ventilador de extracción nun dos penais que tampouco fai unha función, que xa estaba anterior a este sistema de ventilación forzada e vostede é coñecedor que está ali tamén como hai dous en Campomaioir ou hai no



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Mesón do Vento. A veces, ao maior, non utilizamos o termo correcto e adecuado. Pero tamén insiste, todas as consultas que se fixeron en canto de elevar a pista neste tipo de instalacións son contrarias a súa interpretación do que vostede manifestou aquí en múltiples ocasións. Vostede é técnico e teóricamente tamén pode defendela e considerala. Din que non é a solución ideal. Entón, séguese traballando, estase facendo agora esta proba da que fixo mención, de momento está funcionando nestes días. Xa estivo xente vendo as instalacións e seguirá xente vindo a ver as instalacións. Vamos a ter diferentes opinións. Díxollo antes, se vostede de cara portar a súa, benvinda sexa. Non hai ningún tipo de inconvinte ao respecto.

Por último, polo Alcalde ábrese unha quenda de formulación de preguntas polos grupos políticos.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que formula as preguntas seguintes:

- O apartado de “turismo” dentro da páxina web do concello está sen actualizar dende fai máis de un ano.

Nela figuran establecementos xa pechados e, noutros casos, a información está incompleta (non figura dirección exacta, número de teléfono nin páxina web).

Ademáis, noutros casos o contido é erróneo coma no caso do antigo “Hotel Nogallás” que agora se chama “Hotel Alda Camiño Inglés”.

É polo que preguntamos ao señor Alcalde:

¿Por que non está actualizado o apartado de “turismo” na páxina web do concello?

¿Por que non se están aproveitando as ferramentas dixitais para potenciar o turismo dentro do noso concello?

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a actualización faise regulamente unha vez ao ano, ao mesmo tempo tamén se aproveita para facer unha nova versión da app que vostedes poden descargar en IOS ou en Android. Está trasladado ao departamento de Informática, si é certo que hai eivas, ao mellor, algunha que xa se pasou máis de un ano, non somos, nese caso, xente que está máis encima da páxina web que non se deu conta. Foi trasladado xa ao departamento correspondente e trataremos coa nova revisión que quede o mais axeitada posible. Teñen aí ao seu carón ao informático e poden, cando queiran, si ven algún detalle, trasladarillo e aproveitar para que unha vez que se faga esa corrección, e ao mesmo tempo tamén da app, que tamén ten o mesmo apartado de turismo, que vaia de maneira sempre aparelada. Aproveítase sempre o inicio de ano porque permite tamén meter todo o que é a programación da apertura das farmacias, en canto turno de noite. Normalmente nos comezos do ano unha vez que trasladan e se fixan os turnos de garda das farmacias que temos dentro do termo municipal.

- A veciñanza de Esmorís exponnos a seguinte pregunta para o señor Alcalde:

¿Vanse a executar a obras de saneamento e abastecemento de auga no lugar citado (Esmorís) tal e como lles prometeu?. No orzamento non se ve reflexada tal actuación aínda que descoñecemos se está incluída nalgunha partida xenérica.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Alcalde, que lle di que rotundamente non. Que hai peticións na zona do abastecemento e do saneamento non lle costan neste momento para nada. Despois diso de promesas e demais, por que non é a súa maneira de traballar. Téñeno moi claro, aquí trabállase a diario. Pensa que neste caso, responde por todos, todos traballan, non se trata de facer promesas. Trátase de ver as necesidades, despois, en función dos recursos, de ir intentando facer as actuacións cos veciños. Pero tal e como vostede o expresa aquí, que llo trasladaran así, a el non lle coincide. Si lle pediría, si o ten a ben, ou lles da o contacto, o ven esta situación da que fala con vostede a veciñanza. Ten bastante claro que en é a persoa que se viu con el porque tiña un problema de abastecemento porque lle secaba o pozo no verán e non se lle puido dar unha solución inmediata nese momento. Alí hai máis veciños. Non pode para nada dicir que a vostede non lo trasladaran, pero si que pode dicir que isto de promesa non. Non é así. O ven, non hai ningún tipo de inconvinte, están a disposición dos veciños para que lles trasladen á situación. Sempre se fai tamén da mesma maneira, porque é o lóxico, e xa niso pecaron un pouquiño ao inicio. Danlle sempre prioridades as accións donde a xente fai a recollida de firmas, o a fan eles co compromiso de enganche posterior. Porque non pode ser que fagamos inversións como se fixeron en algunhas parroquias en algunha aldeas, e despois non se quere enganchar ninguén, e que estean os cartos alí enterrados seno de facer ningún tipo de aproveitamento. Vale, entón, tamén insisto niso, se a veciñanza está tamén interesada, tamén lle van a pedir que firmen o compromiso despois de conectarse. O tempo que levará non sei, despois temos que ver o que costa e o que supón. Xa lle di que estudo de abastecemento, si, estudo de saneamento, de momento, ningún nesta zona.

Intervén a Sra. Berdomás García, que sinala que lle pode tamén suxerir aos veciños que fagan unha recollida de firmas, por axilizar o procedemento.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que pode suxerir o que queira, non van axilizar nada de momento, está moi ben que fagan a petición. Hai que facer o estudo, hai que ter os recurso e hai que facer a obra. Non é o mesmo con cincuenta mil euros cubrir trinta vivendas, cando ao mellor so hai catro. Temos que entender que hai que optimizar os recursos na medida do posible. Por poñer un exemplo, non están falando que sexa o caso concreto de Esmorís ou ningún outro lado. Petición de Esmorís, si, petición de outros moitos núcleos, tamén, que se valoran todos. A realidade, a día de hoxe, se non se equivoca, teñen valoradas corenta e tres millóns de euros en obra. Os recursos ordinarios que teñen para o capítulo seis cada ano 1.400.000 - 1.500.000 euros. A ver o ano que ven que nos permite o remanente. Ata dar cumpridos eses corenta e tres millóns de euros que xa están valorados a día de hoxe, hai moito recorrido. É certo que temos moito apoio da Xunta de Galicia e moitísimas destas actuacións que van a poder seguir adiante nos vindeiros meses e tamén lles gustaría conseguir ese apoio da Deputación da Coruña, especialmente que xa llo dixo antes en poder facer a obra de continuación de Pinguela ata a senda e humanizar a calle, que está pendente de que salga adiante dunha vez despois de seis anos, e oxalá salga canto antes.

- Logo da retirada de alumeado público situado en zonas privadas e de recibir queixas veciñais pola desigualdade de trato neste eido preguntamos ao Sr. Alcalde:

¿Fíxose esta acción co mesmo criterio para a toda a veciñanza?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que si, por suposto, entregámoslle o edito, se ten algún tipo de cuestión puntual de calquera, sexa vostede ou sexa o veciño, veña polo Concello. Está o alumeado municipal todo auditado nun programa no que é o Múnich, donde ten acceso o departamento de intervención, temos acceso desde o departamento da alcaldía, ten acceso a empresa que fai o mantemento municipal, e lóxicamente ten acceso a propia empresa que no seu día veu faver a presentación do programa. Vostede nese momento non era concelleira, aquí ao Concello. Aí está o edicto, aí están as accións todas que se fixeron, explica claramente



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

os criterios de igualdade. Simplemente por matizar. A inmensa maioría dos problemas da desconfianza da xente están nas farolas de tanto alzado que están nas acometidas particulares. Volvemos ao de antes. Unha farola que está tanto alzado na acometida particular dun cidadán non a pode tocar a empresa pública. E si que se pode dar que existan farolas a tanto alzado en acometidas particulares que non están pasando polo contador privado e que estean en propiedade privada. Pero iso non o está pagando ninguén con diñeiro público. É a inmensa maioría dos casos que se nos dan que se nos veñen a queixar aquí que che poñen de exemplo tal veciño, tal veciño, tal veciño e non aparecen no sistema informatizado municipal. E despois podes ir a velo, incluso moitísimas veces se ve no propio Google Earth e a farola si existe. Pero a farola non é pública, non é pública. Como se colocaron e como se deixaron colocar, niso non lle vai a entrar. Non o sabe. Podes ver a orde do IDAE que é de obrigado cumprimento. Houbo que facer unha auditoría e houbo que facer a desconexión. Corriamos o risco que nas inspección tivéramos que devolver os fondos. Estamos falando de máis de un millón de euros.

Intervén a Sra. Berdomás García, que sinala que o problema é que se vía a outra farola funcionando e tal, e despois vían que había cables cortados e tal, e para este non lle cortan. Claro, agora con isto cada vez que lle digan, pois, aquí o tedes.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o bando foi público, o bando está colgado aínda nas redes sociais, explicóuselle a todos, en todos os casos se falou cos veciños, en cada unha das desconexións que eran públicas, que estaban no privado. Que seguen existindo acometidas particulares da rede de Udessa ou da rede de Fenosa, si, pero aí non lle pode tocar a empresa pública. Non pode responder quen colocou aí a farola, responde pola parte que a el lle toca. A día de hoxe todas e cada unha delas se recolocaron con que cumprisen e facilitouse sempre na medida do posible, incluso se fixo unha interpretación moi flexible, das zonas de servidume para que se puideran seguir mantendo. Do máis amplo posible, vale, pero hai certas cousas que non cumpren, ao que non nos podemos arriscar é a que nos veña unha inspección e que perdamos unha financiación europea de un millón de euros. O trato ten que ser equitativo e igualitario para todos.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula as preguntas seguintes:

- Radio Ordes leva xa moito tempo sen funcionar.

O persoal que habitualmente exercía as labores de locución, atópase nunha baixa de longa duración, sen que se teña constancia de en que momento poderá reincorporarse ao seu posto de traballo, ou se poderá facelo.

Trátase dunha situación que non puido ser tratada en ningún consello da emisora municipal, posto que o goberno municipal leva tempo sen convocalo.

É polo que preguntamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

¿Que ten pensado facer o goberno municipal coa emisora municipal?

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se falou incluso antes da convocatoria das seleccións municipais, a situación dos traballadores descoñecen aínda cal vai a ser, non do traballador dos traballadores, cal vai a ser nos vindeiros meses, e mentres tanto toca agardar. Ter un consello de emisora municipal para algo que non está sendo operativo a día de hoxe, cree que non procede. O fixeron antes con outras cuestións. Xa complica moitísimo ter que contratar unha persoa en algo que si entendemos que é un servizo esencial, como pode ser a



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

biblioteca, non van facer esa prioridade en canto a emisora municipal. Cree que temos tamén un pouquiño optimizar os recursos e os fondos públicos. Xa se nos complica, para algo que si é un servizo básico para canto máis, nesta situación, de ter que andar facendo un montón de procedementos, cargando aínda máis aos traballadores municipais, neste caso os funcionarios e quen corresponda, para facer ao mellor un contrato, que despois o mellor se incorpora a persoa, automaticamente hai que volver a despedir a quen pasou todo ese procedemento. Entón, vamos esperar que se resolva a situación dos traballadores, algún deles está xa piques de pasar a derradeira revisión na Seguridade Social e a partir de aí falaremos a futuro, pero de momento non lle poden ter unha resposta concreta para isto. Cree que todos temos que ser copartícipes do que estamos a falar.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo ás **vinte e unha** horas e **cincuenta e oito** minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estando a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE-PRESIDENTE
José Luis Martínez Sanjurjo
(asinado dixitalmente)

O SECRETARIO
Juan Luis González Iglesias